A primeira opción de uso deste ben é museístico, xa que Pontevedra conta cunha gran riqueza patrimonial enorme, que neste momento está almacenada por falta de espazo para poder expoñela ao público, para isto encargáronse estudos arqueolóxicos, arquitectónicos e de conservación con fin de determinar o estado no que este se atopa.

Na primeira visita oficial o vicepresidente da Xunta evitou confirmar o apoio financeiro da Administración autonómica para a rehabilitación deste ben.



Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o goberno da Xunta de Galicia ten que comprometer a súa colaboración económica para que esta xoia patrimonial poida ter ese uso cultural tan importante tanto para Pontevedra como para Galicia.

O goberno da Xunta ten que investir na rehabilitación de Santa Clara aportando polo menos o 50 % do custo da mesma, como está a facer noutros lugares de características similares.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a comprometerse coa firma dun protocolo co Concello e a Deputación de Pontevedra a asumir nun 50 % o investimento na rehabilitación do Convento de Santa Clara, polo interese cultural e turístico deste ben.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 20/12/2021 11:39:22

Noa Susana Díaz Varela na data 20/12/2021 11:39:30





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/12/2021 11:39:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/12/2021 11:39:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Luis Bará Torres** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, sobre a execución e desenvolvemento do polígono industrial do Valadouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun contexto de crise industrial como está a vivir a Mariña, son necesarias políticas que estimulen a chegada e o asentamento de empresas na comarca. Para isto, entre outras moitas cousas, é vital aumentar o solo industrial dos concellos da Mariña, é un deses exemplos é o do concello do Valadouro.

O Valadouro leva reclamando a construción dun polígono industrial no seu concello desde hai xa moito tempo. Esta foi a razón de que hai xa máis de 15 anos, no 2006, e desde o goberno da Xunta, o Bloque Nacionalista Galego que tiña a responsabilidade da Consellería de Vivenda e Solo, levase a cabo un importante traballo redactando proxectos, axilizando trámites e facendo reunións desde a Consellería con alcaldes, empresarios e grupos políticos da contorna, todo isto entre os anos 2006 e 2009.

Pola contra, unha vez chegado o Partido Popular ao goberno o proxecto parálzase sen ofrecer alternativas viables até chegar ao día de hoxe, no que pasados moitos anos o concello do Valadouro e os concellos próximos seguen sen albiscar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegada dun polígono industrial que dinamizaría dun xeito decisivo a economía local e comarcal.

Alén disto, a situación faise canto menos máis incomprendible ao saberse que o concello dispón da totalidade dos terreos necesarios para que se acometa esta obra, levando a que tanto os grupos políticos, como as e os empresarios e as xentes da vila non entendan como ese proxecto siga totalmente parado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar os trámites necesarios para a posta en marcha, execución e desenvolvemento do polígono industrial do Valadouro.”

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 20/12/2021 12:06:37

Alexandra Fernández Gómez na data 20/12/2021 12:06:47

Xosé Luis Bará Torres na data 20/12/2021 12:06:53



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernandez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O mundo está en plena transformación dixital, como resultado da aparición e implantación dun amplo conxunto de tecnoloxías que están provocando e provocarán grandes cambios na actividade produtiva da maioría dos sectores económicos, contribuíndo a reforzar a súa competitividade e potenciar o desenvolvemento e á súa vez, este mundo dixital fai que as estafas tradicionais volvéranse en estafas dixitais, en cibercriminalidade.

As taxas de cibercriminalidade disparáronse ata o 71 % no que vai de ano en Galicia, onde as Pemes son as grandes expostas á desprotección, ó igual que os pequenos concellos que non teñen capacidade para xestionar axeitadamente a ciberseguridade.

As persoas expertas sitúan entre "as características diferenciais de Galicia o elevado volume de pemes, para as que hai que externalizar as necesidades de ciberseguridade. O sector pesqueiro e agrogandeiro tamén presentan características diferentes en ciberseguridade."

Estes expertos e expertas, tamén avisan "dun perfil profesional en ciberseguridade que será deficitario en Galicia, mentres os mozos e mozas que agora cursan Secundaria non se incorporen ao mundo laboral -aínda queda unha década-. Necesítase persoal técnico, non necesariamente cunha titulación específica senón que teña incorporado a materia de ciberseguridade na súa formación. Formar a gran parte das persoas traballadoras e da sociedade en ciberseguridade é un reto."

Os ciberataques, que están en aumento, operan a nivel mundial e con certa impunidade. Os expertos na materia declaran: "Parte do risco é o foco que a



ciberdelincuencia puxo nos problemas de subministros pola interconexión das empresas. Así que un ataque podería acabar afectando en ‘cascada’ a todos aqueles que están relacionados con el e ás persoas usuarias.”

Entre os principais retos na ciberseguridade está chegar ao tecido empresarial das pemes, que están totalmente desprotexidas, e cubrir a falta de profesionais e técnicos con experiencia que padece actualmente este sector.

O Goberno galego presentou o pasado mes de febreiro a Estratexia Galicia Dixital 2030 que se fixa como reto estender as redes de internet de 100 megas á totalidade da poboación galega, apostar por unha Administración intelixente de maneira que en 2025 o 70 % das empresas e o 85 % da cidadanía teñan relación coa Xunta de Galicia a través de canles telemáticos e a ciberseguridade é outro reto desta nova estratexia.

Amtega terá que poñer en marcha medidas ante a desprotección das pemes e dos pequenos concellos ante a ciberdelincuencia, así como a falta de profesionais en ciberseguridade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar medidas en ciberseguridade para as pemes galegas ante a súa desprotección fronte a ciberdelincuencia.
2. Elaborar medidas en ciberseguridade para os pequenos concellos ante a súa desprotección fronte a ciberdelincuencia.
3. Elaborar un plan de formación contando có tecido empresarial e coas universidades e sensibilizar na educación secundaria sobre as saídas laborais en ciberseguridade.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro do 2021





Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/12/2021 12:22:35

Paloma Castro Rey na data 20/12/2021 12:22:42

Pablo Arangüena Fernández na data 20/12/2021 12:22:50

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/12/2021 12:22:58



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O proceso de vacinación de persoas adultas, un éxito colectivo e compartido por todas as administracións e a cidadanía que ubica a España como un estado referente no mundo polo seu programa nacional de vacinación, amosou unha enorme eficacia. A pesares disto, algúns dos procedementos evidenciaron aínda a posibilidade de mellorar o procedemento, para evitar os mesmos problemas en situacións futuras.

Un destes casos foi a das e dos profesionais asegurados a través das mutuas, que foron citados en tempos e formas desordenados respecto da poboación xeral, pola lentitude á hora de xestionar os datos dende a Dirección da Consellería de Sanidade, que demorou en exceso a súa solicitude de datos ás propias mutuas e que utilizou o seu propio censo e non o censo poboacional para a vacinación. Este problema tamén xerou a incapacidade para citar a este sector poboacional para os cribados nos que puideran ser incluídos.

Esta situación, resolta no seu momento pero que provocou numerosas queixas e demoras para ser atendidos, debería ter sido resolta para futuras ocasións. Os asegurados das mutuas suponse que xa están incorporados ao censo sanitario en posesión da Consellería de Sanidade, polo que non debera de darse a mesma situación no proceso da dose de reforzo ou futuras vacinas que requiran unha loxística semellante.

No caso da vacinación de nenos e nenas que se está a producir agora, non en tanto, poden comezar a aparecer os casos de rapaces que, ao estar inscritos a través dos seguros dos pais e nais nas mutuas, atópanse no mesmo caso. De ser así volveríamos a atopar un certo desorde na vacinación que podería ter sido previsto.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a axilizar os procesos de inclusión no seu censo sanitario a todos os nenos e nenas que se atopan incluídos cos seus pais e nais nas mutuas asegurados, para evitar que queden desubicados e sen chamar en tempo e forma durante o proceso de vacinación.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Míguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/12/2021 13:25:58

Marina Ortega Otero na data 20/12/2021 13:26:05

Gonzalo Caballero Míguez na data 20/12/2021 13:26:15



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

Tanto a Unión Europea coma a Organización Mundial do Comercio están a desenvolver iniciativas en cambios normativos que afectan á imposición de taxas que gravan os combustibles no ámbito da pesca.

Así, no marco da OMC o pasado mes de xullo elaborouse un borrador de acordo dos seus membros que debía ser referendado na Conferencia Ministerial do 30 de novembro ao 3 de decembro de 2021. A loita da OMC contra as subvencións que distorsionen a competencia a nivel global (a pesca ilegal, non declarada e non regulada e a pesca que contribúa á sobrecapacidade) materializouse, entre outros, no art 5 do borrador cuxa redacción actual afectaría directamente á subvencionalidade actual aos combustibles na pesca, o que implicaría grandes custos para a frota galega a futuro que non pode asumir. Este artigo establece que “poden contribuír á sobrepesca” e por tanto, chegar a deixar de ser lexítimas as subvencións como “a compra/cubrir os custos de combustibles”. Aínda que a Conferencia Ministerial aludida pospúxose e o compromiso non se alcanzou polo momento, continúan os traballos neste sentido no marco da OMC sendo por tanto patente a ameaza.

Doutra banda, no ámbito da UE para desenvolvemento do Pacto Verde Europeo, o denominado paquete “Fit for 55 (Obxectivo 55)” prevé a modificación da Directiva sobre Fiscalidade da Enerxía. Os cambios introducidos buscan impulsar a transición a unha enerxía máis limpa e iso pasa por modificar a forma na que se gravan os produtos enerxéticos. Neste senso, prevese eliminar as exencións e incentivos, o que podería conlevar a supresión das exencións ao combustible pesqueiro a partir do ano 2023.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que promova accións dirixidas a frear a proposta da Comisión Europea para a modificación da Directiva sobre Fiscalidade da Enerxía que elimina as axudas aos



combustibles do sector pesqueiro namentres non haxa unha posición aprobada no seo da OMC ao respecto destas bonificacións”.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/12/2021 16:51:24

Teresa Egerique Mosquera na data 20/12/2021 16:51:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Manuel Balseiro Orol na data 20/12/2021 16:51:56

Freire Vázquez, María Begoña na data 20/12/2021 16:52:13

Ana Belén García Vidal na data 20/12/2021 16:52:25

Manuel Santos Costa na data 20/12/2021 16:52:40

María Elena Suárez Sarmiento na data 20/12/2021 16:52:54

Daniel Vega Pérez na data 20/12/2021 16:53:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre ás medidas a tomar para garantir a atención @s nen@s con necesidade de apoio educativo na Escola de Ensino Infantil A Pastora en Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Escola de Ensino Infantil (EII) A Pastora no concello de Cambados neste curso escolar 2020-2021 hai escolarizados dous nenos con necesidades de apoio e coidado en diferente grado, e situados en diferentes aulas, necesidades establecidas polo equipo de orientación.

A comunidade educativa do centro leva meses reclamándolle á Xunta de Galiza que cubra unha praza de coidadora para atender as necesidades de apoio destas dúas crianzas que están matriculadas no centro.

Tras meses agardando unha resposta, por parte da Consellaría trasládalle a proposta de que a coidadora que presta atención no CEIP A. Magariños, no mesmo concello, comparta xornada laboral co EII A Pastora. Atender ás necesidades d@s nen@s deste último centro de 12 a 13.30 horas e o resto da xornada no A. Magariños.

É evidente que esta alternativa non satisfai a ninguén, xa que O CEIP A. Magariños verá recortada a asistencia que viñan tendo @s seus nen@s, o tempo que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesional poderá adicar a EII A Pastora será insuficiente. Ao tempo que é unha irresponsabilidade a mobilidade da profesional entre os dous centros no medio dunha pandemia por razóns de protección e seguridade.

Estes nenos teñen necesidade de apoio na alimentación, hixiene e acompañamento, e ese apoio pode precisarse en calquera momento, non é posíbel acoutar á atención a un horario concreto.

A falta de profesionais de apoio educativo pon en evidencia a existencia dun déficit evidente para garantir tanto a axeitada atención para @s nen@s con necesidade de apoio como para que esta atención non afecte ao resto do alumnado.

A Lei Orgánica de Educación establece que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, dispónse que as administracións educativas establecerán os procedementos tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais...

Os déficits existentes na EEI A Pastora mostra que se está lonxe dunha correcta atención á diversidade que por dereito lle corresponde aos alumnos e alumnas. A Consellería de educación non está poñendo nin os medios, nin os recursos, nin os procedementos necesarios para facer efectivo o principio de igualdade e normalizar o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

principio de inclusión, non se está a respectar o Dereito á Educación Inclusiva, xa que sen os recursos e dotacións necesarias de profesionais de apoio que faciliten a aprendizaxe e a superación das dificultades que a diversidade trae consigo non é posíbel.

É unha evidencia que estamos diante dunha decisión tomada en base a criterios económicos e non pedagóxicos, que non ten xustificación, e por esta razón, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a escoitar as demandas da comunidade educativa e garantir o dereito a unha educación inclusiva d@s nen@s con necesidade de apoio no EEI A Pastora, no concello de Cambados, dotando a este centro dun/dunha coidador@ a tempo completo.”

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/12/2021 12:20:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/12/2021 12:21:04



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Luís Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O problema das esperas e demoras para consultas, probas diagnósticas, recepción de resultados ou cirurxía supón un dos graves problemas do sistema que empeora a calidade da atención, minora as posibilidades de solucionar problemas asistenciais e distancia a percepción da cidadanía sobre a eficiencia do sistema. Así se evidencia nas valoracións das persoas usuarias, como se amosa no barómetro sanitario que publica o CIS, onde se vén sinalando que o sistema galego está avaliado como o terceiro peor de todas as CC.AA de España, segundo a cidadanía que o utiliza. Un dos elementos peor valorados está nas listas de espera.

A pesares desta cuestión, existe un triunfalismo comunicativo dende a xestión da Xunta de Galicia, especificamente na Consellería de Sanidade, sobre a cuestións das esperas. Non entanto, as continuas informacións que por diversas vías se coñecen día tras día evidencian que esta actitude contrasta coa realidade de numerosos casos que se coñecen de maneira continuada sobre citas programadas con retrasos inexplicables e inasumibles para todo criterio clínico.

A pandemia provocada pola covid provocou un innegable reorden no sistema, e a reprogramación de todo o sistema para centrarse no grave problema xurdido, pero a realidade é que a día de hoxe o Sergas non está sendo reorientado para optimizar o potencial de todos os profesionais que o compoñen, existindo unha lentitude na xestión que provoca que non se recupere a actividade na súa plenitude e que non se resolva o problema acumulado. A negativa do Goberno de Galicia a realizar un esforzo de contratación e de dotación de recursos materiais para reforzar o sistema público provoca o agravamento dalgúns males previamente existente.

Un caso coñecido recentemente serve como exemplo en Lugo, onde unha paciente con fortes dolores e problemas intestinais foi citada para xuño, dende este decembro, a pesares de estar tendo que ser constantemente atendida vía ordinaria e urxencias polos problemas aparecidos. Como este caso, sucédense novas en prensa, reclamacións de pacientes e notificacións que chegan aos representantes de traballadores e organizacións sociais e políticas que alertan da necesidade de reforzar os recursos humanos no Sergas para evitar estas esperas demoradas.



Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a dotar, cos medios suficientes humanos e materiais, ao HULA para evitar esperas inxustificadas e excesivas, resolvendo de inmediato o necesario para axilizar as consultas programadas con excesiva demora que se dean nesta área sanitaria.

Pazo do Parlamento, 20 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/12/2021 18:17:21

Julio Torrado Quintela na data 21/12/2021 18:17:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 21/12/2021 18:17:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, María González Albert** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

Na provincia de Lugo estase a vivir cunha praga de rata toupa que provoca danos inasumíbeis nos pastos da montaña.

Este animal é unha raza autóctona propia das zonas de montaña, aliméntase da herba por baixo da superficie e causa grandes danos cando a súa poboación medra.

Neste momento vense afectadas unhas 1800Ha nos concellos de Baralla, Folgoso do Caurel, Samos, Triacastela, Pedrafita, Cervantes e As Nogais e debido a superpoboación están baixando cara menores altitudes, poñendo en risco pastos de zonas máis baixas como son os da comarca de Sarria.

Non é a primeira praga que se dá, quedando constatada a dificultade de tratála, porque segundo parece os métodos convencionais de trampeo e outros non dan satisfacción en canto o número de animais excede os límites normais. Por isto parece imprescindible actuar con medidas colectivas que axuden a frear a súa expansión, polo tanto é fundamental que a administración planifique e dirixa as medidas a tomar mentres compensa os danos provocados, máxime neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento de especial dificultade para as granxas tradicionais e as explotacións familiares.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Establecer as medidas precisas para o control da praga da rata toupa na montaña lucense

-Abrir as liñas de axuda precisas para satisfacer as perdas xeradas por este animal nas granxas tradicionais e explotacións familiares.”

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P.do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 22/12/2021 13:05:50

María González Albert na data 22/12/2021 13:05:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/12/2021 13:06:08

Ana Pontón Mondelo na data 22/12/2021 13:06:18



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de **lei** para o seu debate na **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O Consello de Contas vén de facer público con data de 14 de outubro do 2021 o Informe de Fiscalización sobre os criterios de reparto dos recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia de gasto da Deputación de Ourense, nas lexislaturas 2003-2019; un informe absolutamente demoledor que amosa que o nepotismo, o clientelismo e a dedocracia son os sinais de identidade da Deputación de Ourense desde fai máis de 30 anos.

Un Informe que da continuidade a outros xa emitidos polo Consello de Contas, nomeadamente o Informe sobre a fiscalización selectiva da Deputación de Ourense correspondente o ano 2018, e que xa foron obxecto de iniciativa e debate no Parlamento de Galicia.

Dende o PSdeG de Ourense levamos anos denunciando -practicamente en solitario- que a Deputación de Ourense non é máis que un **instrumento** ao servizo dos intereses do Partido Popular, utilizada como unha auténtica empresa de colocación en favor dos e das militantes e afíns a ese partido político, un entramado político-económico do que se benefician cuantos rodean o seu presidente e que está moi lonxe de ser unha Administración democrática ao servizo dos intereses do conxunto.

Do recente Informe do Consello de Contas asinado en data 14 de outubro de 2021 se extraen , entre outras, as seguintes conclusións :

1. A Deputación Provincial de Ourense carece dunha regulación específica para os Plans Provinciais de cooperación de obras e servizos de competencia municipal e doutros plans ou instrumentos específicos de asistencia e cooperación para a realización de inversións, actividades e servizos municipais.
2. Os criterios de reparto dos POS da Deputación de Ourense, non incorporan, entre os criterios de reparto, un análise do coste efectivos dos servizos municipais, de carácter obrigatorio dende 2014, tal como establece a LBRL.



3. No que atinxe o grao de eficiencia, eficacia e economía de xestión dos POS, a distribución das axudas non consegue corrixir os desequilibrios territoriais nin beneficia os concellos con menor capacidade económica. De acordo co informe , non existe correlación entre a capacidade económica dos concellos e o importe de renda por habitante obtida do POS.
4. En canto a planificación, considérase que son factores que afectan a eficiencia e eficacia do gasto:
 - A dispersión das distintas axudas, xa que non hai aprobado un plan que as integre a todas.
 - A utilización recorrente de subvención nominativas, concedidas a dedo por decisión da Presidencia. O importe directamente subvencionado supón xa un 76 % do importe total dedicado ao POS de 2016.
 - A ausencia de acreditación da sustentabilidade dos proxectos financiados.
 - A incoherencia entre as necesidades de dotacións e as axudas solicitadas polos concellos.
 - A falla de coordinación entre os fondos destinados ao POS e o resto de investimentos público do territorio galego, tal como esixe a Lei de Administración local de Galicia.
5. A competencia para contratar as obras é da Deputación, aínda que pode ser obxecto de delegación nos concellos a petición dos mesmos. Iso si, sempre que os concellos aporten unha contía equivalente ao 100 % do POS, o cal supón na practica unha limitación á contratación de obras polos concellos, incumprindo o previsto no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Igualmente o Informe recolle unha análise comparativo das aportacións das deputacións galegas o POS no período 2003-2018, resultando que a Deputación de Ourense unicamente aporta o 6 % dos seus fondos fronte o 57 % da Deputación da Coruña ou 29 % na Deputación de Pontevedra.

En relación a achega POS/ habitante, a Deputación de Ourense dedica 14,36 euros, namentres na Coruña son 67,90 euros, 44,60 en Pontevedra e 63,40 euros en Lugo.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que demande da Deputación de Ourense:

1. Que, de acordo coas conclusións extraídas do Informe do Consello de Contas de 14 de outubro do 2021 e do Informe do Consello de Contas de 10 maio de 2021, e de xeito similar o que ocorre no resto das deputacións galegas, a Deputación de Ourense adopte un Plan Único de Cooperación para o ano 2022, no que un terzo do seu orzamento se distribúa de xeito equitativo, obxectivo e xusto entre os concellos da provincia, para que sexan estes de acordo coas súas prioridades os que decidan os proxectos e investimentos a realizar.
2. Que se adopten medidas que dirixidas a que os beneficiarios das axudas previstas nos plans provinciais (POS) acrediten a sustentabilidade financeira dos proxectos financiados.
3. Que, de acordo co Informe do Consello de Contas, se aprrobe un plan que integre as distintas liñas de axuda e permita unha maior eficiencia de gasto.
4. Que, de acordo co Informe do Consello de Contas, se establezan criterios obxectivos e ponderados na adxudicación dos contratos públicos, posibilitando a concorrencia competitiva o conxunto do tecido empresarial e non só as empresas amigas.
5. Que, de acordo co recollido no Informe do Consello de Contas, se proceda a publicar de xeito actualizado no Portal de Transparencia da Deputación de Ourense a información legalmente esixida en materia de contratos, subvencións, convenios asinados pola Deputación, así como a relación detallada de todos os beneficiario/as dos mesmos.
6. Que no marco de desenvolvemento dun sistema participativo dos concellos, a Deputación de Ourense teña en conta as súas necesidades dotacionais na solicitude de obras e servizos que realicen

Pazo do Parlamento, 22 de decembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/12/2021 15:38:46

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2021 15:38:56

Marina Ortega Otero na data 22/12/2021 15:39:06

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/12/2021 15:39:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/12/2021 15:39:25



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

A vertebración axeitada do territorio que asegure, cando menos, a equidade no acceso aos servizos públicos debera ser unha obriga de calquera administración de xeito que non existan discriminacións en función do lugar onde se habite.

Mais esa discriminación é o que se está a producir nalgunhas parroquias dos concellos de Outes e Muros nas que o transporte público non é compatible cos horarios dos centros de ensino de referencia de FP, ESO e Bacharelato de Noia. Isto provoca non só unha disfunción nos horarios senón tamén a imposibilidade de facer uso da Tarxeta Xente Nova por parte do alumnado, xa que as familias se viron na obriga de contratar un servizo discrecional de transporte que, lonxe da gratuidade da tarxeta, ten un custe de 54 euros por persoa.

Na actualidade, as liñas de transporte público que atravesan as parroquias de o Freixo e Cruceiro de Roo (Outes) non se corresponden cos horarios de entrada e saída dos IES Campo de San Alberto e IES Virxe do Mar de Noia. No mellor dos casos, o autobús deixaría os rapaces e rapaces nos institutos ás 7:50h (50 minutos antes da hora de entrada) e pasaría a recollelos unha hora despois da saída.

Semellante situación se produce no Concello veciño de Muros, mais neste caso aínda ten unha agravante máis xa que a liña discrecional só chega a Esteiro, polo que as familias que viven máis lonxe teñen que levar os nenos e nenas ata ese punto para poder coller o autobús.

Diante desta situación de discriminación que se produce mesmo entre familias que viven no mesmo concello, e sumándonos ás reivindicacións da veciñanza afectada, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que mellore o trazado e os horarios da liña de transporte público Noia-Muros para que sexa compatible co horario escolar dos IES Campo de San Alberto e Virxe do Mar de Noia, de xeito que todo o alumnado dos concellos de Outes e Muros se poida beneficiar das viaxes gratuítas da Tarxeta Xente Nova.





Pazo do Parlamento, 22 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 22/12/2021 16:06:32

Patricia Otero Rodríguez na data 22/12/2021 16:06:49

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/12/2021 16:07:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No ano 2016 no portal Econoticias publicábase un dato relevante en relación ao río Barbaña e o situaba no cumio dos ríos máis contaminados de toda España.

Dende as propias institucións coma o Concello de Ourense, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Xunta de Galicia ou o Goberno de España e dende colectivos coma a Sociedade Galega de Historia Natural, a Plataforma Ríos Limpos, Amigos da Terra, Amigas das Árbores ou Ecoloxistas en Acción, recoñecen publicamente a dificultade nas actuacións de conservación, mantemento e posta en valor dunha vez por todas do Barbaña, canalizado no tramo de Ourense cidade, cos problemas que isto supón tamén para a súa depuración.

Precisamente neste último mes, con respecto a este tipo de actuacións necesarias tivemos unha de cal e unha de area, a luz verde ao proxecto de saneamento do río Barbaña por parte do Goberno central e a tala indiscriminada de árbores e plantas por parte do Concello de Ourense na canle do río.

O 18 de novembro de 2021, publicábase no BOE o inicio do procedemento de información pública do proxecto de saneamento do río Barbaña coa ampliación da depuradora de San Cibrao e as correspondentes expropiacións, paso previo á licitación das obras. Un paso clave para a súa licitación inminente e posterior execución das obras, que suporá o investimento de 14 millóns de fondos europeos que se atopan consignados para o proxecto, e que deben executarse na data límite de abril de 2025.

Unha semana despois, o 23 de novembro de 2021, o Concello de Ourense anuncia que realizará traballos de limpeza da cunca do río Barbaña, co obxectivo de facer unha limpeza completa da ribeira do río ao seu paso pola cidade de



Ourense. Os traballos alcanzarían un importe de 17.955,40 euros e centrarían na retirada das árbores caídas que exercen como tapóns naturais e dificultan o fluxo do leito ecolóxico, ademais de tarefas de roza e retirada das ramas rotas.

Pois ben, días despois atopámonos cunha desfeita medio ambiental nos traballos ordenados para a súa execución dende o Concello de Ourense, en concreto dende a Concellería de Medio Ambiente. Realízase unha tala indiscriminada de árbores e plantas, non se procede á retirada de lixo e dos restos das podas e talas feitas, e a cunca do Barbaña ofrece unha imaxe máis que lamentable e devastadora.

Esta tala indiscriminada leva por diante a perda de milleiros de plantas ornamentais e árbores: cipreses, bidueiros, amieiros, juníperos, cotoneaster, enebros, salgueiras, pyracanthas, nandinas, berberis, bolas de neve, spiraeas ou hedras (plantadas recentemente ademais), talando o érbedo máis grande de todo o río a carón da ponte do Barbaña.

Cunha destrución masiva a ambas marxes que colateralmente dana tamén á fauna vencellada ao ecosistema fluvial (corvo mariño, garzas, garceta, patos, galiñas de auga e outras aves). E ademais deixando especies de *Ailanthus altissima*, Cortaderia selloana e outras especies invasoras, que invadirán o río, xa que as súas sementes se propagan mediante as correntes de aire e polas propias augas do río, co cal chegarán a invadir ás beiras do río Miño se non se toman as medidas oportunas.

O colectivo Amigas das Árbores xunto con Amigos da Terra organizaron unha acción de denuncia pública conxunta na que participaron colectivos da Plataforma SOS Ourense como Emerxencia Cultural, Ecoloxistas en Acción, a Asociación de Veciños Parque Barbaña, o día 6 de decembro, sobre a mal chamada limpeza do Barbaña, reivindicando o cumprimento do artigo 45 da Constitución Española, co gallo desta data, no que reza que o deber e os dereitos dos poderes públicos e da cidadanía son os de velar por un medio ambiente axeitado; e recordando que esas premisas son incumpridas pola Administración local da cidade. O Grupo Municipal Socialista no Concello de Ourense demandou tamén explicacións públicas sobre estes traballos .

Correspóndelle á Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente a obriga de realizar inspeccións ambientais e coordinar as actuacións dos distintos órganos con competencias en materia de inspección ambiental.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que realice as inspeccións ambientais preceptivas en relación a tala indiscriminada de árbores realizada polo Concello de Ourense e, a tenor das mesmas, emita o preceptivo informe e se dea traslado do mesmo a Comisión de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

Pazo do Parlamento, 22 de decembro do 2021

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/12/2021 17:39:37

Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/12/2021 17:39:46

Marina Ortega Otero na data 22/12/2021 17:39:56

Pablo Arangüena Fernández na data 22/12/2021 17:40:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/12/2021 17:40:15

Patricia Otero Rodríguez na data 22/12/2021 17:40:25

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/12/2021 17:40:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.**, sobre a recuperación da suprimida Área Sanitaria de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual Distrito Sanitario de Valdeorras está formado por varios concellos, que por orde de poboación son: O Barco, A Rúa, Viana do Bolo, Trives, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubía, A Veiga, O Bolo, Manzaneda, Petín, San Xoan de Río, Vilariño de Conso e Larouco. Destes concellos, Vilariño de Conso e San Xoan de Río pertencen aos distritos de Verín e Ourense respectivamente segundo o disposto no decreto 163/2011 de 28 de xullo polo que se regulou a estrutura organizativa da xestión integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, mais iso é so a realidade oficial posto que Vilariño de Conso é, na práctica, unha zona de saúde con dependencia maioritaria do distrito de Valdeorras. É polo tanto un distrito que atende a unha poboación aproximada de 32.000 persoas espalladas por 1.685 Km cadrados.

No ano 2011, vai polo tanto unha década, figuraban como cadro básico de persoal do por aquel entón Hospital Comarcal de Valdeorras (HCV), 401 traballadores/as entre os que se atopaban 62 facultativxs. A maiores estaban contratadxs de modo permanente 9 profesionais por riba de cadro básico e tamén contaba con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresas concertadas como as de limpeza e seguridade. Os cadros básicos de persoal eran entón públicos e podían atoparse no Diario Oficial de Galiza.

Cando o HCV era un ente autónomo, dentro da extinta Área Sanitaria de Valdeorras, tiña de seu servizos como anatomía patolóxica, anestesia e reanimación, aparello dixestivo (colonoscopias e gastroscopias), cirurxía xeral e dixestiva, cirurxía maior ambulatoria (CMA), cirurxía ortopédica e traumatoloxía (COT), coidados paliativos, hospitalización a domicilio (HADO), dermatoloxía, xinecoloxía, obstetricia, hematoloxía, medicina interna, medicina preventiva, oftalmoloxía, pediatría, psiquiatría, psicoloxía, uroloxía, cardioloxía, radioloxía, rehabilitación, urxencias, farmacia hospitalaria, unidade da dor, unidade básica de orientación familiar (UBOF ,servizo de atención primaria dentro do HCV), hospital de día oncolóxico, enfermaría xeral, enfermaría obstétrica, fisioterapia, laboratorios de análises clínicos, anatomía patolóxica, hematoloxía, microbioloxía, banco de sangue/depósito de sangue, e por suposto a dotación de técnicos especialistas, técnicos en coidados auxiliares de enfermaría, e celadores para dar cobertura a toda esa carteira de servizos.

A progresiva demolición do hoxe HPV non comezou recentemente senón na creación das chamadas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIs) instauradas a través do Decreto 168/2010, do 7 de outubro. De pronto todo se centrou en Ourense. Se había que recortar recortábase en Valdeorras, se facían falta especialistas sacábanselle a Valdeorras e levábanse para outros hospitais; e Valdeorras comezou a perder servizos baseándose unhas veces na optimización de recursos (argumento usado para levar o cardiólogo para Ourense), e outras na falta de especialistas que quixeran vir á comarca.

Desde entón produciuse un deterioro constante até chegar a unha situación dramática no día de hoxe que levou ás rúas á veciñanza neste mesmo mes de decembro





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e ao conselleiro de Sanidade a anunciar novas compras de material e contratacións de persoal que até vai un mes semellaba que non existía.

Hoxe a situación dos servizos clínicos asistenciais no HPV é desastrosa, cun deterioro xeneralizado de servizos como xinecoloxía, medicina interna, cirurxía xeral, radioloxía ou traumatoloxía ou coa desaparición de facto doutros como uroloxía, cardioloxía, medicina preventiva, rehabilitación ou dermatoloxía.

O abandono e o desmantelamento sistematizados desta infraestrutura están a converter ao HPV nun centro de especialidades no canto dun hospital.

Mais os problemas da sanidade en Valdeorras non comezan en rematan no Hospital. Moitos dos centros de saúde do distrito viron reducida a súa dotación de profesionais, como aconteceu en Rubiá, A Veiga ou O Bolo sen importar a dispersión xeográfica ou a idade da poboación ou a cronicidade e pluripatoloxía. A isto hai que engadir a situación na que fican centros como o de Vilariño de Conso cando deixan so ao enfermeiro días enteiros sen médica ou enviando unha desprazada dende Viana do Bolo un par de horas por día.

Pola outra banda, as propias infraestruturas, que acostuman a ser o argumento para todo da Xunta de Galiza ante a falta de profesionais, están absolutamente deterioradas. Este ano vimos como caía o teito no Centro de Saúde de Vilamartín de Valdeorras; vemos tamén como se furta a información do resultado das avaliacións dos distintos Centros de Saúde e PAC como o de Viana.

En resumo, unha situación insustentábel que se agrava de xeito significativo pola propia situación do distrito sanitario de Valdeorras, que ocupa a comarca máis oriental do noso país e parte da montaña ourensá e que se atopa a unha distancia importante do novo hospital de referencia en Ourense e condicionado pola falta de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestruturas modernizadas e de servizos de transporte colectivo que garantan os desprazamentos en tempo axeitado á capital provincial.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Recuperar a área sanitaria de Valdeorras, con capacidade de xestión e orzamento propio.
2. Cubrir todas as prazas e as baixas das especialidades no Hospital Público de Valdeorras
3. Adecuar o persoal ás necesidades dos servizos, reducindo a eventualidade crónica no HPV
4. Facer os investimentos precisos para rematar as obras iniciadas e non rematadas no propio HPV e executar canto antes o resto de obras prometidas no mesmo HPV.
5. Facer un investimento específico para o arranxo e remodelación dos distintos centros de saúde do distrito sanitario que se atopan en condicións deficitarias como o de Vilamartín de Valdeorras, o de Rubiá ou o PAC de Viana do Bolo.”

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 23/12/2021 09:18:57

María Montserrat Prado Cores na data 23/12/2021 09:19:08

Iria Carreira Pazos na data 23/12/2021 09:19:14

Olalla Rodil Fernández na data 23/12/2021 09:19:21



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª.

O deterioro paulatino da sanidade pública galega ao longo desta última década estase a ver con nitidez na actualidade, con listas de agarda interminables para realizar probas diagnósticas ou para unha cita de seguimento de enfermidades crónicas. A estas agardas, produto dos recortes en persoal, súmase unha mingua de recursos materiais que converten os centros sanitarios en espazos que non cumpren as mínimas normas de seguridade, esenciais en tempo de pandemia.

A falla de recursos humanos, tanto facultativos como de persoal administrativo de apoio que é o encargado de organizar a xestión dos centros e das listas de agarda, está a provocar colas interminables para, por exemplo, pedir presencialmente unha consulta de seguimento no servizo de Oncoloxía do CHUS logo de que ninguén atenda a vía telefónica.

Amtega terá que poñer en marcha medidas ante a desprotección das pemes e dos pequenos concellos ante a cibercriminalidade, así como a falta de profesionais en ciberseguridade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia elaborar medidas en ciberseguridade para as pemes galegas ante a súa desprotección fronte a cibercriminalidade?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 20/12/2021 12:20:50

Paloma Castro Rey na data 20/12/2021 12:20:56





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/12/2021 12:25:14
Nº Rexistro: 26315
Data envío: 20/12/2021 12:25:14.888

Pablo Arangüena Fernández na data 20/12/2021 12:21:04

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-AoAscJKM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O proceso de vacinación de persoas adultas, un éxito colectivo e compartido por todas as administracións e a cidadanía que ubica a España como un estado referente no mundo polo seu programa nacional de vacinación, amosou unha enorme eficacia. A pesares disto, algúns dos procedementos evidenciaron aínda a posibilidade de mellorar o procedemento, para evitar os mesmos problemas en situacións futuras.

Un destes casos foi a das e dos profesionais asegurados a través das mutuas, que foron citados en tempos e formas desordenados respecto da poboación xeral, pola lentitude á hora de xestionar os datos dende a Dirección da Consellería de Sanidade, que demorou en exceso a súa solicitude de datos ás propias mutuas e que utilizou o seu propio censo e non o censo poboacional para a vacinación. Este problema tamén xerou a incapacidade para citar a este sector poboacional para os cribados nos que puideran ser incluídos.

Esta situación, resolta no seu momento pero que provocou numerosas queixas e demoras para ser atendidos, debería ter sido resolta para futuras ocasións. Os asegurados das mutuas suponse que xa están incorporados ao censo sanitario en posesión da Consellería de Sanidade, polo que non debera de darse a mesma situación no proceso da dose de reforzo ou futuras vacinas que requiran unha loxística semellante.

No caso da vacinación de nenos e nenas que se está a producir agora, non en tanto, poden comezar a aparecer os casos de rapaces que, ao estar inscritos a través dos seguros dos pais e nais nas mutuas, atópense no mesmo caso. De ser así volveríamos a atopar un certo desorde na vacinación que podería ter sido previsto.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten a Consellería de Sanidade o censo de nenos e nenas que están incluídos cos seus pais e nais nas mutuas aseguradoras para poder incluílos no mesmo tempo e forma que aos demais no procedemento de vacinación?

Pazo do Parlamento, 20 de decembro do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 20/12/2021 13:27:30

Marina Ortega Otero na data 20/12/2021 13:27:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre ás medidas a tomar para garantir a atención @s nen@s con necesidade de apoio educativo na Escola de Ensino Infantil A Pastora en Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Escola de Ensino Infantil (EII) A Pastora no concello de Cambados neste curso escolar 2020-2021 hai escolarizados dous nenos con necesidades de apoio e coidado en diferente grado, e situados en diferentes aulas, necesidades establecidas polo equipo de orientación.

A comunidade educativa do centro leva meses reclamándolle á Xunta de Galiza que cubra unha praza de coidadora para atender as necesidades de apoio destas dúas crianzas que están matriculadas no centro.

Tras meses agardando unha resposta, por parte da Consellaría trasládalle a proposta de que a coidadora que presta atención no CEIP A. Magariños, no mesmo concello, comparta xornada laboral co EII A Pastora. Atender ás necesidades d@s nen@s deste último centro de 12 a 13.30 horas e o resto da xornada no A. Magariños.

É evidente que esta alternativa non satisfai a ninguén, xa que O CEIP A. Magariños verá recortada a asistencia que viñan tendo @s seus nen@s, o tempo que a profesional poderá adicar a EII A Pastora será insuficiente. Ao tempo que é unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

irresponsabilidade a mobilidade da profesional entre os dous centros no medio dunha pandemia por razóns de protección e seguridade.

Estes nenos teñen necesidade de apoio na alimentación, hixiene e acompañamento, e ese apoio pode precisarse en calquera momento, non é posíbel acoutar á atención a un horario concreto.

A falta de profesionais de apoio educativo pon en evidencia a existencia dun déficit evidente para garantir tanto a axeitada atención para @s nen@s con necesidade de apoio como para que esta atención non afecte ao resto do alumnado.

A Lei Orgánica de Educación establece que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos. Igualmente, dispónse que as administracións educativas establecerán os procedementos tendo como principios a normalización e a inclusión, e que, para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio en relación coas persoas, grupos e ámbitos territoriais que se encontren en situacións desfavorables, tratando de evitar as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos, culturais...

Os déficits existentes na EEI A Pastora mostra que se está lonxe dunha correcta atención á diversidade que por dereito lle corresponde aos alumnos e alumnas. A Consellería de educación non está poñendo nin os medios, nin os recursos, nin os procedementos necesarios para facer efectivo o principio de igualdade e normalizar o principio de inclusión, non se está a respectar o Dereito á Educación Inclusiva, xa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sen os recursos e dotacións necesarias de profesionais de apoio que faciliten a aprendizaxe e a superación das dificultades que a diversidade trae consigo non é posíbel.

É unha evidencia que estamos diante dunha decisión tomada en base a criterios económicos e non pedagóxicos, que non ten xustificación, e por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai tomar medidas a Xunta de Galiza para garantir o dereito a unha educación inclusiva d@s nen@s con necesidade de apoio no EEI A Pastora no concello de Cambados, dotando a este centro dun/dunha coidador@ a tempo completo?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/12/2021 12:25:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/12/2021 12:25:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a regulación dos períodos de rebaixas no comercio galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lexislación actual lastra ao pequeno comercio fronte aos xigantes comerciais, baixo a escusa da libre competencia. Un exemplo desta situación é a falta de regularización dos períodos de rebaixas.

Na Lei 7/1996 de Ordenación do comercio polo miúdo do estado establecía unha regulación sobre as actividades de promoción de vendas que o RD-Lei 20/2012 de Medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e o fomento da competitividade eliminou e supuxo o paso á absoluta liberalización en canto aos períodos, as datas e a duración das rebaixas, así como as esixencias que teñen que cumprir os produtos que se poñen a venda.

O pequeno comercio denuncia que esta liberalización que permite as rebaixas e descontos continuados ao longo de todo o ano, como ocorre na actualidade, está a provocar que o sector estea pasando un momento moi crítico.

É imprescindible que o co obxectivo de recuperar o propósito para o que foron creadas, dar saída ao stock acumulado ao final de cada tempada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As grandes superficies son unha ameaza para o pequeno comercio en Galiza que está a sufrir unha profunda crise dende hai anos. A perda de tecido comercial en Galiza dende 2009 é alarmante, un goteo continuo, temos 5.757 comercios menos que hai 12 anos.

A regulación dos períodos de rebaixas é unha medida fundamental para garantir o futuro do comercio galego.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o Goberno galego reclamar as competencias para establecer períodos de rebaixas, tal e como se recollían na Lei 7/1996 de Ordenación do comercio polo miúdo?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 21/12/2021 13:40:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/12/2021 13:40:16

María do Carme González Iglesias na data 21/12/2021 13:40:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o apoio ao pequeno comercio na convocatoria de subvencións para a renovación de electrodomésticos (Plan Renove de electrodomésticos).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de marzo de 2021 o DOG publicou a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a renovación de electrodomésticos, o chamado Plan Renove de electrodomésticos da Xunta de Galicia. O obxectivo destas subvencións é fomentar o aforro e eficiencia enerxética e a protección do medio natural a través da utilización de electrodomésticos máis eficaces enerxeticamente.

Dende o punto de vista medioambiental estas axudas contribúen a reducir as emisións de gases efecto invernadoiro xa que a utilización de electrodomésticos eficientes reducen o consumo de enerxía, a maior fonte de emisión destes gases.

Asemade, ante a escalada de prezos da electricidade que repercute negativamente na economía das familias galegas, esta é unha medida necesaria xa que a utilización de electrodomésticos eficientes reducen o consumo eléctrico, e consecuentemente abarata a factura da luz dos fogares galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sendo estas subvencións unha medida necesaria para o medio ambiente e para a economía das familias, o BNG considera que tamén debe ser unha medida que apoie ao pequeno comercio galego.

A convocatoria destas axudas permite adherirse a calquera establecemento comercial que se dedique de forma total ou parcial á venda de electrodomésticos, incluídas as grandes superficies, as grandes cadeas de electrodomésticos ou os hipermercados.

Dende o ano 2009 pecharon en Galiza case que 6000 pequenos comercios, a perda de tecido comercial no noso país é alarmante e estas subvencións deberían contribuír ao impulso e dinamización do comercio retalistas galego, da mesma maneira que se fixo no Bono activa comercio.

As causas da situación na que se atopa o pequeno comercio en Galiza son múltiples, mais a emerxencia do comercio en liña e o avance das grandes superficies comerciais son, xunto coa falta de apoio por parte do goberno galego, as causas fundamentais desta crise na que se atopa o sector.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego apoiar ao pequeno comercio modificando as bases para a concesión de subvencións de renovación de electrodomésticos e excluindo as grandes superficies, hipermercados, grandes cadeas de electrodomésticos, etc.?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 21/12/2021 13:43:26

Ramón Fernández Alfonso na data 21/12/2021 13:43:30

María do Carme González Iglesias na data 21/12/2021 13:43:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á adecuación atención ao público en Galiza das administracións da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) así como dos postos de traballo precisos para tal efecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As medidas aplicadas ao fío da crise financeira do ano 2009 xunto cunha dixitalización mal entendida das administracións públicas teñen levado ao deterioro de numerosos servizos públicos, tanto da Xunta como do Estado, que veñen reducindo o seu número de oficinas, persoal e opcións de atención presencial ao público. Esta situación, ademais, está en risco de agravarse no contexto xerado pola covid-19, tanto pola previsión de novas medidas restritivas de gasto das administracións como pola consolidación de medidas tomadas para a redución da atención presencial. Neste contexto, fanse máis visíbeis as consecuencias en determinados servizos, como é o caso dos servizos de xestión tributaria en Galiza por parte do Estado, tal e como están a denunciar organizacións sindicais como a CIG.

É necesario recordar que a Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) é un organismo público pertencente á Administración Xeral do Estado español e encárgase da xestión do sistema tributario e aduaneiro do Estado, así como daqueles recursos doutras entidades públicas e administracións que lle sexa encomendada por lei





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou convenio. Para estes efectos, aglutina dentro das súas funcións diversas tarefas e servizos, fundamentalmente de inspección, xestión e recadación.

Ao ser Galiza neste momento unha das comunidades de réxime común do Estado, este organismo ten importancia no noso país ao ser a encargada da recadación de boa parte dos impostos dos galegos e galegas, para alén doutras funcións, pola falta de desenvolvemento dunha facenda galega propia e pola falta de aumento de competencias da ATRIGA por parte do goberno do Partido Popular. Trátase, polo tanto, dun servizo público que debe dar cobertura ás necesidades de información e xestión das e dos galegos en cumprimento das súas obrigas tributarias.

É necesario sinalar que para o desenvolvemento das obrigas do ámbito da facenda é fundamental a accesibilidade aos servizos e é indubidábel que para asuntos que implican unha grande responsabilidade e por veces unha complexidade engadida canto aos procedementos, é preciso garantir a posibilidade da atención presencial ás e aos usuarios. Con atención á Resolución do 21 de setembro de 2004, da Presidencia da AEAT pola que se establece a estrutura e organización territorial da Agencia Estatal de Administración Tributaria recolle o proceso de rexionalización de competencias e funcións e aspectos referentes á modernización dos procedementos e estruturas. Neste sentido, determínase a disposición dos órganos territoriais da AEAT entre os que están as Delegacións Especiais da Axencia Tributaria para cada unha das Comunidades Autónomas e no Anexo I relaciónanse estas así como as delegacións que integra e no Anexo II as Delegacións especiais. Neste sentido, enuméranse un total de dezaioito puntos para o noso país, un mapa que estaría hoxe vixente.

Porén, desde o Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando desde hai anos a evidente a intención de reducir progresivamente o seu papel, minorando o persoal, as súas funcións e o seu papel de atención ao público. Neste sentido, amortizando prazas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de persoal que se xubila ou que concursa para outra vaga ou non convocando prazas para estas administracións nos concursos ou procedementos de mobilidade que se convocan dentro da AEAT o persoal destas administracións tense reducido de forma importante. Desta forma, se no ano 2000 en Galiza había máis de 300 persoas traballando de forma directa na AEAT, hoxe esa cifra reduciuse a 170. Ademais, progresivamente fóronse reducindo drasticamente as administracións máis pequenas, emprazadas en cabeceiras de comarca. Por exemplo, O Carballiño, se tiña 40 persoas traballando no ano 2000, no ano 2021 ten só 11. Cee, que tiña 17, ten menos da metade na actualidade, só 7 ou Ribeira, que contaba con 30, ten só 10. Esta tendencia, na actualidade estende o deterioro de forma global a nivel galego e hai oficinas de grandes contornas de poboación como Ferrol ou Vilagarcía que dan conta deste desmantelamento.

Como resultante deste modo de proceder, as administracións despregadas ao longo do territorio están a perder o seu papel e nalgúns casos perden funcionalidade para a atención ao público. Por exemplo, xa hai máis de 3 anos en Monforte quitaron a unidade de IVE. Esta tendencia trae consecuencias negativas tanto en materia de non cubrición real de postos de traballo ao longo do territorio, supoñendo unha perda de emprego, como para o público, pois perde posibilidades de realizar determinados servizos nunha oficina próxima á súa vivenda ou á súa localidade e debe incorrer en máis desprazamentos que non se suplen, en moitos casos, nin pola atención telefónica nin mediante a tramitación por internet.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza vele polo mantemento e boa calidade dos servizos de atención ao público da AEAT en canto non avancemos nas competencias e funcións da ATRIGA. Cómpre poñer freo a unha estratexia encuberta de baleirado destes servizos xa que está prexudicando enormemente á poboación, especialmente á máis avellentada e á que vive no rural e non ten uns servizos adecuados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de transporte, que se ve cada vez máis obrigada a contratar servizos de asesoría privada e incorrer en gastos económicos para operacións ordinarias.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para evitar a perda de emprego público e o deterioro dos servizos por mor do desmantelamento encuberto das administracións da AEAT en Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 21/12/2021 13:47:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/12/2021 13:47:35





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 21/12/2021 13:47:45





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o protocolo anunciado nos medios de comunicación respecto dos casos de intoxicacións con burundanga e outras substancias no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) e ás actuacións complementarias que debe impulsar a Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado sábado 11 de decembro coñeciamos a través dos medios de comunicación, non de comunicación oficial do SERGAS, da Consellaría de Sanidade, da Consellaría de emprego e igualdade ou dalgunha forza policial, a presunta aplicación “pioneira” dun novo protocolo de actuación ante casos de intoxicacións con burundanga e outras substancias para a comisión de agresións sexuais.

Resulta sorprendente que unha cuestión deste tipo non se socialice dunha maneira máis formal e acompañada de información clara e suficiente á cidadanía e que se faga acompañada de datos pouco claros referidos a un aumento deste tipo de agresións na cidade de Ourense. Segundo consta nas informacións xornalísticas o protocolo teríase posto en marcha en Ourense ante o aumento de casos rexistrados e fan referencia a un caso concreto dunha muller nun pub da cidade que foi sometida a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

submisión química e alerta de que esta guía de actuación que xorde da incidencia de casos detectados pola Policía Nacional.

Segundo as informacións xornalísticas trátase dunha colaboración entre o Servizo de Urgencias, da Unidade de Familia e Muller da Policía Nacional, da Audiencia Provincial de Ourense e do Instituto de Medicina Legal da cidade para mellorar o diagnóstico e tratamento da vítima. Ademais, as informacións xornalísticas aseguran que a ketamina é difícil de identificar en Ourense por falta de medios para analízala.

A violencia sexual é recoñecida como violencia machista desde o Convenio de Istambul, e así se recoñece na lei galega do ano 2007. Aínda que de momento a lei estatal de violencia segue sen modificarse, incumprindo dito Convenio así como o Pacto de Estado de 2017, é obxecto cada vez de maior atención específica por parte de todas as administracións. Entre outras medidas, está pendente o impulso de centros provinciais para a atención 24 horas de vítimas de violencia sexual.

É interesante e positivo que se impulsen protocolos de actuación entre todas as partes da cadea de atención e de forma específica para a violencia machista. O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten proposto de forma reiterada que se contemple especificamente no vixente Protocolo de cooperación interinstitucional e tamén que se favoreza o impulso de iniciativas pendentes como o protocolo de actuacións sobre delitos sexuais proposto polo Partido Xudicial de Santiago de Compostela. Porén, é necesario que estas medidas se acompañen da súa debida socialización entre todas as institucións e axentes e entre a sociedade galega. Así mesmo, deben acompañarse de campañas de difusión e información que fuxan do alarmismo, informen con claridade á sociedade e procuren a concienciación sobre esta violencia en potenciais vítimas e potenciais agresores. Finalmente, sería necesario





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tamén contar coa colaboración co feminismo organizado de base da cidade, activo na denuncia das carencias de atención que aínda deben ser corrixidas.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno

Cal é a valoración da Xunta respecto do funcionamento do protocolo de violencia sexual impulsado no CHUO para os casos de submisión química?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/12/2021 13:49:07

Iria Carreira Pazos na data 21/12/2021 13:49:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/12/2021 13:49:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/12/2021 13:49:33

Noa Presas Bergantiños na data 21/12/2021 13:49:42





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 18 de xullo de 2016 e dentro do Plan Marco destínanse ao concello da Pobra do Brollón a cantidade de 54.883,61 euros. Esta cuantía é modificada mediante unha nova resolución de 10 de agosto pasando a 70.870 euros. Xustificada por parte do concello por un valor superior a esta última cantidade, AGADER só abonou a inicial de 54.883,61 euros. Non contenta con esta irregularidade desde a Xunta iníciase un proceso de revisión de oficio para anular non só a ampliación do 10 de agosto como tamén a subvención enteira.

O 19 de outubro de 2017 asínase un convenio de colaboración entre a AGADER e máis o concello da Pobra do Brollón relativo a un proxecto arqueolóxico no Castro de San Lourenzo por 35.264 euros, o concello fixo a obra e máis o investimento gastando 34.525 euros. O compromiso contraído pola AGADER non só non se cumpriu senón que outra vez a Xunta de Galicia iniciou un procedemento de revisión de oficio (*con vulneración evidente dos principios de lealdade institucional colaboración e confianza lexítima*) do convenio para anulalo e evitar o pagamento.

E chegamos ao 10 de xullo de 2020 cando se asina un convenio entre este maltratado concello da Pobra do Brollón , a impredecible AGADER e máis a Axencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Turismo de Galiza para a construción dun albergue municipal de peregrinos do Camiño de Inverno por 277.132,33 euros para librar en dúas anualidades, unha primeira no mesmo ano 2020 de 34.835 euros e unha segunda en 2021 de 242.296 euros. O 6 de outubro de 2020 solicítase de parte do concello un anticipo de 145.709 euros ao amparo da cláusula 4ª do convenio asinado. Non hai resposta.

O concello ten iniciados, visto o silencio e escurantismo do goberno, dous recursos contencioso administrativos para os dous primeiros convenios, amén de chamadas, escritos e oracións á Virxe dos Desamparados.

O concello da Pobra do Brollón ten unha superficie de 176,71 km² distribuídos en 22 parroquias, Trátase dunha entidade do interior da provincia de Lugo, eminentemente rural, **cun saldo poboacional negativo** que o leva a estar na actualidade en 1.632 habitantes segundo o censo de 2.020. Falamos polo tanto dun territorio e unhas xentes que necesitan da axuda do goberno galego para saír desta situación e recuperar parte do dinamismo de antano, razón pola que non conseguimos comprender a actitude do goberno e da súa Axencia para o Desenvolvemento Rural, como non sexa un castigo pola tendencia democrática dos seus habitantes ou outra máis das irregularidades a que nos ten acostumados a organización política que sostén o goberno da Xunta.

Hai poucos días saltaba á prensa a nova de que a mesma avogacía da Xunta de Galiza denunciaba a don Javier Blanco por presuntas irregularidades que ben puidesen ser delitos de prevaricación e o que poida vir se alguén con decencia abondo tira da manta.

Este señor ocupaba o cargo de subdirector de Relacións cos GDR da AGADER sendo tamén unha persoa de longa traxectoria política no PP.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sabemos da lentitude da xustiza e levamos argumentado que a espera pola resolución destas irregularidades e reparación do dano feito ao concello da Pobra agudizará o seu declive ao tratarse de máis de 350.000 euros para un orzamento de inversión escaso.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas pensa tomar a Xunta de Galiza para remediar os danos ocasionados ao Concello da Pobra de Brollón polas irregularidades cometidas polo sr. Javier Blanco no tempo en que estivo á fronte da Subdirección de Relacións da AGADER cos GDR?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 21/12/2021 16:27:50





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 21/12/2021 16:27:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/12/2021 16:28:12





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco sub-sectores gandeiros máis importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cunícola e o ovino e cabrún.

Galiza aportou en 2.018 un 11% da produción de carne de vacún dentro do estado español. Pero en marzo do 2020, o estado de alarma veu trastornar a vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e diríamos máis, de toda a cidadanía do mundo. E así en Galiza, co parón do turismo e de toda actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración e provocou unha forte baixada dos prezos pagados ós produtores/as que contrasta co incremento significativo no prezo medio da cesta da compra.

Os sectores da carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando, tanto de vacún coma de ovino e cabrún padeceron especialmente as





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consecuencias da pandemia, e reclaman medidas paliativas urxentes por parte da administración pública.

A caída nas vendas fixo que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continuasen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se visen compensados co seu crecemento, sendo a incertidume no mercado unha arma para a especulación cos prezos en orixe por parte da distribución na marco da cadea agroalimentaria.

O sector produtor de carne de vacún no noso país conta con arredor de 20.000 granxas, tendo moi importante presenza en zonas desfavorecidas e de montaña coma actividade económica case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio.

Botemos unha ollada ós lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas de Ourense e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valorem na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP “Ternera Gallega” que conta con case 8.000 explotacións. Trátase dunha produción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos (50% do mercado), nacionais (45% do mercado) e internacionais (5% do mercado).

Mentres os custes de produción aumentan desorbitadamente, nun cálculo provisorio poderíamos andar sobre unha forquita de 50cts/kg. a 1 euro/ kgr. Pola





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contra, o prezo por quilo ao produtor baixou temerariamente, a última redución foi de 40cts./kgr.

Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto ás explotacións cárnicas como lácteas, pola baixada de prezos das vacas de desvelle, dos xatos de recría como de consumo, o que está a provocar unhas perdas considerables, que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas. No caso das vacas de desvelle a caída rolda o 50%. Se a isto sumamos que debido á Pandemia Tenreira Galega conxelou excedentes debido á falta de saída, no momento en que estes excedentes conxelados saían ao mercado previsiblemente vanse producir prexuízos e baixadas de prezo ós produtores.

Esta produción cárnica é a principal actividade económica de moitas comarcas do país como as zonas dos Ancares, Fonsagrada, Comarca de Sarria, a Terra Chá, o Courel ou Macizo Central de Ourense. Dalgunhas case que podemos dicir que é a única, e no caso de desaparecer, viría acrecentar o problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da produción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da produción como na do consumo.

Por outro lado se ben é certo que foi o peche e as continuidade das restricións na “horeca” quen reduciu a demanda, certo é tamén que o consumo de carne nos fogares aumentara na pandemia nun 33% e aquí as contas non dan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É de supoñer que industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custes de produción establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei.

O coronavirus foi utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeneralizada dos prezos ao produtor que logo converteu en crónica pasado o período máis restritivo da Pandemia.

Nada trouxo de novo o paso polo Congreso e polo Senado a modificación da Lei da Cadea Alimentaria; no seu aspecto máis necesario para o produtor nada se clarificou nin modificou. Non temos ferramenta clara. Será preciso tirar de valentía política e sentido común para protexer estes sectores ameazados.

Porque logo dos negativos efectos do confinamento e das restricións da Pandemia, chegaron os tempos das subas desmedidas dos prezos da enerxía eléctrica, dos combustibles, dos concentrados, dos abonos... A lóxica do mercado debora traer unha suba compensatoria, no prezo final do produto, para estes custes de produción. Mais non é así, aínda ben, os prezos ao produtor baixaron.

Nada se move desde o goberno da Xunta de Galiza para que o produtor reciba un prezo xusto consonte ás subas dos custes de produción xa citadas. Ningún xeito de arbitrase e ningún mecanismo que determine o cálculo que permita fixar un prezo de referencia para así cumprir co mandado na Lei da Cadea Alimentaria na letra c) do apartado 1 do artigo 9 e no artigo 12 Ter. Destrución de valor na cadea.

Sobran os oportunismos partidarios con ataques e deixación de responsabilidades por parte do goberno galego que en nada axudan a este sector cárnico vacún coma tamén nada soluciona a formulación de rimbombantes dereitos dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtores a recibir pagos por riba dos custes de produción se a Lei da Cadea Alimentaria non establece mecanismos para determinar o cálculo dos custes de produción de referencia.

Débase conformar a cadea de valor agroalimentaria de abaixo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación, aumentar os supostos nos que é obrigatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e ampliar o catálogo de prácticas desleais a evitar.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforzar a posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións.

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubrir os custes de produción, para os que se debería constituír unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É consciente o actual Goberno galego da grave situación pola que atravesamos o sector da carne de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 21/12/2021 16:29:46

María González Albert na data 21/12/2021 16:29:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/12/2021 16:29:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación laboral das traballadoras das residencias privadas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente o sector das residencias privadas en Galiza conta cun convenio colectivo caducado e a patronal e sindicatos están nun proceso de negociación para renovalo sen que, até o momento, se producise acordo ningún.

Neste contexto, a Xunta de Galiza ten unha enorme responsabilidade sobre o conflito pois, cómpre lembrar, no sistema actual de residencias en Galiza e froito do elevadísimo nivel de concertación coa empresa privada, o Goberno galego financia con fondos públicos unha parte importantísima das prazas destes centros.

De facto, o cálculo que a administración pública realiza para fixar o custe praza/día nos procesos de concertación coa privada está ligado ás táboas salariais do Convenio. Táboas salariais que sitúan algunha das categorías profesionais das residencias, como auxiliares de cociña ou persoal de limpeza, por baixo do SMI e as que non se atopan nesta situación, pouco máis perciben, unha persoa xerocultora cobra 1.190,84 euros/mes (12 pagas) segundo as táboas salariais de 2019.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O coidado das persoas maiores residentes nestes centros están estreitamente ligados ás condicións laborais das súas traballadoras e, se algo aprendemos da pandemia provocada pola Covid-19 e as súas terríbeis consecuencias nas residencias, é que o persoal é insuficiente en número e sofre condicións de enorme precariedade, como veñen denunciando as propias traballadoras desde hai moitos anos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas adoptou ou pensa adoptar a Xunta de Galiza para garantir mellores condicións laborais das traballadoras das residencias privadas?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 21/12/2021 16:36:47

Iria Carreira Pazos na data 21/12/2021 16:36:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 21/12/2021 16:37:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente fíxose publico o borrador da nova lei de protección e dereitos dos animais do Estado español. O contido desta lei puxo no punto de mira as razas autóctonas da especie canina, xa que ante a potencial prohibición da cría de animais de compañía, fóra dos circuítos profesionais estas razas eran postas en perigo.

Fíxose urxente presentar unha iniciativa para que as razas galegas foran declaradas de especial protección por seren parte do patrimonio cultural, xenético e etnográfico galego.

Tamén se recolle na iniciativa presentada que esta declaración será feita co fin de evitar a súa desaparición e favorecer a súa recuperación.

No contexto do proceso de documentación conséntase o estado de recuperación das 4 razas de cans que son autóctonas da Galiza, o can de palleiro, o podengo galego, o perdigueiro galego e o guicho ou chisquelo, recoñecidas como tales polo MAPA. A pesar de que xa van vinte anos dende que estas catro razas figuran recollidas no RD 558/2001, de 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organización e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asociacións de criadores de cans de raza pura, pouco ou nada se ten feito en todo este tempo para facer real a súa protección.

Neste intre o can de palleiro é o único viable debido ao inxente esforzo intencional e económico do clube do can de palleiro, unha asociación de particulares que traballou a eito para a súa conservación e que mantén unha tendencia clara para que se consolide no tempo.

As outras 3 razas están en claro perigo de extinción, sen que conten con clubes que traballen para a súa recuperación, sendo probable que xa sexan irrecuperábeis.

Non hai tampouco axudas da Xunta de Galiza, nin control das mesmas, nin catálogo algún que nos indique o número de exemplares cos que conta cada unha das 3 razas. A única referencia a estes cans nas páxinas oficiais das Xunta de Galiza, tanto da Consellería do Medio Rural como da de Medio Ambiente, son unhas fichas que recollen a foto, descrición e virtudes das 4 razas, pero que non serve en absoluto para a súa preservación.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta intervir activamente na recuperación das razas autóctonas de cans, perdigueiro galego, podengo galego, guicho ou chisquelo co fin de evitar a súa extinción?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/12/2021 16:44:12

Xosé Luis Rivas Cruz na data 21/12/2021 16:44:19

María González Albert na data 21/12/2021 16:44:25

María del Carmen Aira Díaz na data 21/12/2021 16:44:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os orzamentos da Xunta de Galiza veñen de sufrir unha nova modificación de crédito. Trátase da Modificación 03/2021, referida ao documento 110014391E, con número de rexistro 14391 e data do 16 de abril de 2021.

Esta modificación representa unha baixa de crédito no capítulo IV do orzamento de gastos da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a ampliación de crédito no capítulo IV do orzamento de gastos da Secretaría Xeral de Medios por importe de 950.000 euros, co fin de darlle operatividade ao Acordo de colaboración para o ano 2021 entre a Consellería de Cultura, Educación e a Secretaría Xeral de Medios para a promoción do galego nos medios de comunicación.

Segundo este expediente a partida orzamentaria “Programas de promoción do galego” de 950.000 euros causa baixa para se redirixir a estas dúas partidas: “Axudas para publicacións en galego normativo”, por un importe de 160.000 euros, e “Axudas a empresas xornalísticas e de radiodifusión” por un importe de 790.000 euros.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que razón xustifica esta transferencia de crédito en relación ao mantemento do criterio de promoción do galego?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/12/2021 16:51:28

Daniel Castro García na data 21/12/2021 16:51:32

Mercedes Queixas Zas na data 21/12/2021 16:51:40





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre o cementado da baixada de lousa do Porto Fisterra e vulneración de varios preceptos de protección urbanística e patrimonial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza de Fisterra, co seu concello á fronte, vén manifestando nos últimos tempos o seu malestar polo trato que Portos de Galiza dispensa á zona portuaria desta vila en relación á restrición de usos e deficiente desatención e mantemento do conxunto das instalacións, dado que na realidade concorre que zonas de servizos municipais e de tránsito comparten un espazo difícil de separar coa zona portuaria. Hoxe a configuración da zona portuaria de Fisterra non responde a realidade e necesidades da vila de Fisterra, que atopa este espazo constrinxido o crecemento e actividades económicas.

Tras anos de reivindicacións Portos de Galiza vén de anunciar o inicio dos trámites para que unha serie de terreos portuarios pasen a ter titularidade municipal, tratándose dun paso importante aínda que insuficiente, pois séguense mantendo espazos de zona portuaria xa sen sentido para actividades deste tipo, pero que resultarían fundamentais para o crecemento económico da vila. Neste sentido resulta preciso que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portos de Galiza aborde definitivamente unha ordenación de planeamento dos seus espazos e servizos acorde coa realidade e crecemento da propia vila de Fisterra.

Ordenación de planeamento que resulta dunha esixencia legal contida no Plan de Ordenación do Litoral (POL), que inclúe a zona de servizos do Porto de Fisterra dentro dos elementos denominados “ Núcleo de Identidade Litoral”. Para os que, o artigo 69 do POL (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), determina que “*serán obxecto de planeamento urbanístico a súa delimitación,.... O planeamento xeral establecerá a figura pola cal se concretará o seu desenvolvemento, conforme aos principios xerais establecidos neste plan*”.

Froito destas tensións, a comezo do mes de outubro deste ano, Portos de Galiza anunciaba diversos investimentos de mellora no peirao de Fisterra. Concretamente, dúas actuacións. Por un lado, a renovación integral do pavimento dos pantaláns, fingers e accesos a esas instalacións; anunciándose tamén pola presidenta de Portos de Galiza a reparación das dúas baixadas de descarga do porto. Obras, que nas propias verbas da presidenta do ente público, consistirían no acondicionamento do pavimento de ambas superficies, salvando os desniveis existentes e as deficiencias que presentaban. Estas baixadas a reparar serían a adxacente ao edificio da lonxa e ao paseo Ribeira, que delimita o porto, así coma a que se sitúa a a continuación desta en paralelo ao dique de abrigo do porto (baixada do leste).

Pois ben, a marxe dunha planificación de ordenación apropiada e adaptada a actual realidade socioeconómica da vila, consideramos que estas intervencións de melloras anunciadas resultan necesarias, e poñen en evidencia a citada desatención que arrastra Portos de Galiza cara Fisterra. Máis non por iso, pode deixarse de cuestionar a desafortunada execución da obra de arranxo das baixadas de lousa na liña intermareal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do porto. Intervención consistente no cementado directo e alisado do lousado típico orixinal que constituían estas baixadas.

Hai que ter en conta que, antes da obra reparación, estas baixadas estaban con lousas irregulares en pedra de granito avermellado sen pulir, sendo parte da obra construtiva orixinal do peirao dos anos 50, que coma parte do conxunto conformaban unha estrutura construtiva harmoniosa, típica e respondendo a unha arquitectura mariñeira tradicional. Este lousado das baixadas portuarias foron un recurso empregado tradicionalmente na construción das baixadas dos portos galegos dende fai centos de anos, e a día de hoxe, séguese a recorrer a este tipo de solución para a construción de pavimentos pola súa funcionalidade á hora de evitar futuras superficies esváranes ou de esborrexer, pero tamén por motivos estéticos.

Entendemos que esta desafortunada intervención de cementado vulnera varia normativa de protección, unha referida á de ordenación do litoral, e outra a de Patrimonio Cultural de Galiza, do seguinte modo:

1) Vulnera o cumprimento de preceptos do Plan de Ordenación Litoral e de Ordenación Urbanística.

Co DECRETO 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, en relación ao disposto na “Delimitación de espazos e usos portuarios no porto de Fisterra” de Portos de Galiza, que determina que o porto de Fisterra atópase incluído dentro do elemento “Núcleos de identidade do litoral”, e como así figura no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra (DOGA 2021-10-25).

Defínense este tipo de núcleos, conforme ó disposto no artigo 42, e 69 do POL:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 42º.-Núcleos de identidade do litoral.

a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar.

b. Potenciar a imaxe exterior que se ten, tanto desde o mar e as rías como desde a terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima.

c. Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.

d. Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo.

e. Procurar o esponxamento do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.

f. Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas neste plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.).

g. Establecer determinacións con respecto á relación fondo-figura, que permitan unha lectura harmoniosa do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares.

h. Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.

Artigo 69º.-Núcleos de identidade do litoral.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. *Será obxecto do planeamento urbanístico a súa delimitación. Esta terá un carácter motivado atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar.*

2. *O planeamento xeral establecerá a figura pola cal se concretará o seu desenvolvemento, conforme os principios xerais establecidos neste plan e especialmente no artigo 42º.*

Pois ben, o cementado das baixadas do peirao, neste entorno portuario protexido, non garda coherencia coa protección de “especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas”, conforme a letra c) do artigo 42. Tratándose dunha solución que non se axusta ao precepto de “*Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación*”, contido na letra h) do artigo 42.

Cun resultado que non permite establecer “*unha lectura harmoniosa do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares*”, contido na letra g).

2) VULNERA A PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS XACOBEOUS.

A Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galiza incluíu no seu artigo 73 as rutas principais do Camiño de Santiago recoñecendo entre elas, ademais do Camiño Francés; o Camiño do Norte, ruta da costa e ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo; o Camiño Inglés; o Camiño Portugués, interior e da costa; a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe; o Camiño de Inverno e o Camiño de Fisterra e Muxía.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E Portos de Galiza considera este porto como punto de entrada de ruta de navegación xacobeá, onde pode iniciarse o camiño xacobeo (<https://portosdegalicia.gal/gl/travesia-nautica-xacobeo>).

A Lei de Patrimonio Cultural cataloga as rutas do Camiño de Santiago e establece unha serie de medidas encamiñadas delimitar os trazados para a súa protección e conservación. Define os trazados da ruta, os trazados de vestixios históricos así como os trazados funcionais. Así mesmo, o decreto que desenvolve esa lei tamén define o ámbito xeográfico da implantación do territorio histórico, que incluírá os núcleos rurais tradicionais así como os bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados e, se é o caso, os contornos de protección que atravesen e que excluírá aquelas zonas urbanas de crecemento e transformación recente sen valores culturais.

Polos motivos anteriormente expostos, dende o BNG entendemos que optar por cubrir ditas baixadas con formigón non parece a solución máis axeitada nin coherente nunha zona da vila que é visitada por milleiros de persoas ao longo do ano. Máxime tendo en conta a especial dobre protección coa que contan este espazo portuario. Intervención que debería existir unha supervisión e autorización de Patrimonio e de Urbanismo.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta que optar por cubrir con formigón a baixada de lousas típica do peirao de Fisterra foi a decisión máis axeitada e coherente co cumprimento das normas urbanísticas, de protección do litoral, e de patrimonio?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Luis Bará Torres

Rosana Pérez Fernández

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/12/2021 16:56:01

Rosana Pérez Fernández na data 21/12/2021 16:56:08

Xosé Luis Bará Torres na data 21/12/2021 16:56:15

Daniel Pérez López na data 21/12/2021 16:56:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a execución e desenvolvemento do polígono industrial do Valadouro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun contexto de crise industrial como está a vivir a Mariña, son necesarias políticas que estimulen a chegada e o asentamento de empresas na comarca. Para isto, entre outras moitas cousas, é vital aumentar o solo industrial dos concellos da Mariña, é un deses exemplos é o do concello do Valadouro.

O Valadouro leva reclamando a construción dun polígono industrial no seu concello desde hai xa moito tempo. Esta foi a razón de que hai xa máis de 15 anos, no 2006, e desde o goberno da Xunta, o Bloque Nacionalista Galego que tiña a responsabilidade da Consellería de Vivenda e Solo, levase a cabo un importante traballo redactando proxectos, axilizando trámites e facendo reunións desde a Consellería con alcaldes, empresarios e grupos políticos da contorna, todo isto entre os anos 2006 e 2009.

Pola contra, unha vez chegado o Partido Popular ao goberno o proxecto parálzase sen ofrecer alternativas viables até chegar ao día de hoxe, no que pasados moitos anos o concello do Valadouro e os concellos próximos seguen sen albiscar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegada dun polígono industrial que dinamizaría dun xeito decisivo a economía local e comarcal.

Alén disto, a situación faise canto menos máis incomprendible ao saberse que o concello dispón da totalidade dos terreos necesarios para que se acometa esta obra, levando a que tanto os grupos políticos, como as e os empresarios e as xentes da vila non entendan como ese proxecto siga totalmente parado.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a comezar a desenvolver o polígono industrial do Valadouro?

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/12/2021 17:00:30

Alexandra Fernández Gómez na data 21/12/2021 17:00:35

Daniel Castro García na data 21/12/2021 17:00:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate dos orzamentos puidemos ter os datos oportunos en relación coa execución orzamentaria en xeral, e da Consellaría de Medio Rural en particular. Con esta información podemos observar que esta é unha das consellarías que menos orzamento executa de modo habitual, e polo tanto non pode atender as necesidades do rural en relación a un importante número de programas.

É precisamente o medio rural o que cubre a maior parte do territorio galego e conta cunha menor densidade de poboación, e por isto mesmo precisa moitos recursos para manterse produtivo e poboado.

Chama a atención que se produza unha modificación de crédito á alza, no caso do 2020 non tan significativa, o 0,76% (4093Mde €) para logo deixar sen executar unha parte importante en moitos dos programas tal e como reflicte a execución de orzamentos por programas no ano 2020, no que hai partidas que están por baixo do 50% da súa execución e moitas delas non pasan do 80% en ningún caso.

No caso do 2021 na execución provisional a 30 de setembro volve pasar o mesmo, só que neste caso a modificación á alza é máis significativa (7,43% e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

43.388.726,51 €), mentres hai polo menos 8 programas que están executados por baixo do 50%.

Poden dicir que queda o último trimestre aínda por recoller mais non parece lóxico manter programas que non teñen executada máis que unha quinta parte ao fin dos primeiros 9 meses, e logo fagan o gasto todo xunto no último trimestre.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valoran a execución orzamentaria da Consellaría do Medio Rural no ano 2020 e no 2021 en xeral e por programas?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 22/12/2021 09:16:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 22/12/2021 09:16:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/12/2021 09:17:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

Na provincia de Lugo estase a vivir cunha praga de rata toupa que provoca danos inasumíbeis nos pastos da montaña.

Este animal é unha raza autóctona propia das zonas de montaña, aliméntase da herba por baixo da superficie e causa grandes danos cando a súa poboación medra.

Neste momento vense afectadas unhas 1800 Has nos concellos de Baralla, Folgoso do Caurel, Samos, Triacastela, Pedrafita, Cervantes e As Nogais e debido a superpoboación están baixando cara menores altitudes, poñendo en risco pastos de zonas máis baixas como son os da comarca de Sarria.

Non é a primeira praga que se dá, quedando constatada a dificultade de tratala, porque segundo parece os métodos convencionais de trampeo e outros non dan satisfacción en canto o número de animais excede os límites normais. Por isto parece imprescindible actuar con medidas colectivas que axuden a frear a súa expansión, polo tanto é fundamental que a administración planifique e dirixa as medidas a tomar mentres compensa os danos provocados, máxime neste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momento de especial dificultade para as granxas tradicionais e as explotacións familiares.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas urxentes está a implantar a Xunta para controlar á maior brevidade a praga de rata toupa que asola os pastos na montaña lucense?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 22/12/2021 13:15:42

María González Albert na data 22/12/2021 13:15:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 22/12/2021 13:15:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á transparencia e información sobre a sociedade privada na que a Xunta de Galiza residencia a selección das iniciativas galegas para pular polos fondos europeos de reactivación económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou en solitario unha sociedade de maioría privada, liderada por Abanca, para a decisión e organización de cuestións referentes ao impulso de proxectos para seren financiados polos fondos europeos que decidiu non compartir nin co Parlamento Galego nin con entidades coma o Consello Económico e Social.

A esta cuestión cómpre engadir que desde a constitución da XI lexislatura até o momento o goberno galego non remitiu a información solicitada por este Grupo Parlamentario respecto da planificación, organización ou selección de proxectos para concorrer a seren financiados polos fondos europeos de reactivación e reconstrución económica.

En solitario, sen previo paso polo Consello Económico e Social ou consulta e contraste cos sectores afectados, o Partido Popular aprobaba unilateralmente a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza so a coartada das necesidades xeradas pola futura xestión dos fondos europeos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resulta sorprendente que dous días despois da súa aprobación por parte do Parlamento Galego, e un día antes da súa publicación no DOG, o goberno galego anuncie no Consello da Xunta do 25 de febreiro medidas que non están contempladas nesta lei, causando novamente unha cerimonia de confusión.

En dito Consello o goberno galego, segundo a súa propia nota de prensa “acordou no Consello de Goberno celebrado hoxe formar parte do mecanismo público-privado que se encargará de acelerar a maduración de novos proxectos empresariais tractores que contribúan a xerar actividade económica e cadeas de valor de que sairán beneficiadas especialmente as pequenas e medianas empresas galegas” sen indicar nin como será ese procedemento nin que empresas son as seleccionadas.

Posteriormente, no mes de abril realizáronse modificacións orzamentarias por valor de dous millóns de euros procedentes de “gastos de diversas consellarías” sen máis concreción. Días despois a Xunta anunciaba que constituía canda Abanca, Reganosa e Sogama a nova sociedade público-privada que se encargará de impulsar iniciativas empresariais tractoras “que incidan na dinamización, progreso e transformación da economía galega a través dun modelo verde e dixital.”

A día de hoxe non hai información pública máis que das persoas que fan parte do Consello de dita empresa, mais non respecto das reunións, conclusións, etc.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o resultado para Galiza de que o seu goberno destinase fondos públicos a unha sociedade opaca da que a Xunta de Galiza non é maioritaria nin se coñece a súa concreción, actas e conclusións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/12/2021 13:30:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/12/2021 13:30:49

Daniel Pérez López na data 22/12/2021 13:30:58



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A garantía da plena inclusión social das galegas e galegos é un deber de todos os poderes públicos, neste sentido, o acceso ao mercado laboral en igualdade de condicións establécese como un aspecto fundamental para acadala.

Por outra banda, o traballo de diferentes axentes sociais, como son as entidades do terceiro sector de acción social a prol da garantía da igualdade de oportunidades, é tan necesario e imprescindible como o levado a cabo polos poderes públicos.

Por ese motivo e conscientes da idoneidade da simbiose entre Administración e entidades sociais no relativo ás políticas activas de emprego, a Consellería de Emprego e Igualdade publica cada ano unha orde de axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.

O obxecto destas axudas de cooperación institucional é a contratación de persoas traballadoras desempregadas e mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas para a realización de servizos de interese xeral e social, a fin de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

En conclusión, esta orde de axudas é un bo exemplo de como a colaboración da Xunta coas entidades sen ánimo de lucro, contribúe ao desenvolvemento e aproveitamento do potencial económico e social da Comunidade, así como favorece a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

A canto ascendeu o investimento de 2021 e previsión para o 2022 das axudas para o fomento do emprego a través de programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro?



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/12/2021 13:14:57

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/12/2021 13:15:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/12/2021 13:15:23

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/12/2021 13:15:41

José Alberto Pazos Couñago na data 22/12/2021 13:15:53

Noelia Pérez López na data 22/12/2021 13:16:05

María Corina Porro Martínez na data 22/12/2021 13:16:18

López Sánchez, Rosalía na data 22/12/2021 13:16:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A economía social constitúese como un modelo económico beneficioso para a sociedade e a contorna na que se enmarca este tipo de actividades empresariais.

Proba da importancia deste sistema é a resiliencia que demostraron as entidades circunscritas a este modelo, pois destrúen arredor dun 6% menos de emprego que o resto das organizacións e os datos sitúan o peso da actividade xerada pola economía social en Galicia na contorna do 7% do PIB.

Consciente da importancia da economía social, a Xunta de Galicia está a despregar unha ambiciosa axenda a prol das entidades que a conforman a fin de garantir a súa viabilidade e potenciar os seus resultados.

Neste sentido, a Consellería de Emprego e Igualdade, no marco da Estratexia galega de economía social 2019-2021, impulsou a finais do 2021 o Bono Consolida e o programa Transforma Economía Social. Dúas novas liñas de apoio para mellorar a competitividade e a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional mediante fórmulas de economía social.

Concretamente, o Bono Consolida ten como finalidade o afianzamento de entidades de economía social mediante tres liñas de apoio que inciden na transformación dixital, na profesionalización e desenvolvemento estratéxico e na mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns.

Por outra banda, o Bono Transforma Economía Social, impulsa a recuperación de negocios en crise ou sen opción a remuda xeracional mediante fórmulas de economía social, apoiando ás persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade destes negocios mediante a creación dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral, que lles permita manter os postos de traballo e a actividade económica.



En conclusión, é preciso continuar reforzando a Economía Social, xa que as empresas deste modelo son unha aposta segura de creación de emprego estable e de calidade, así como de vinculación co territorio.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Como apoia a Consellería de Emprego e Igualdade á Economía Social en Galicia e que novidades presenta para o ano 2022?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/12/2021 13:20:26

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/12/2021 13:20:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/12/2021 13:20:58

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/12/2021 13:21:14

José Alberto Pazos Couñago na data 22/12/2021 13:21:27

Noelia Pérez López na data 22/12/2021 13:21:40

María Corina Porro Martínez na data 22/12/2021 13:21:57

López Sánchez, Rosalía na data 22/12/2021 13:22:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade establece a obriga dos Estados Partes da salvagarda e promoción do exercicio do dereito ao traballo das persoas con discapacidade, adoptando as medidas pertinentes, incluída a promulgación da lexislación oportuna.

Neste sentido, o Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social recolle, no seu artigo 39 “Axudas á xeración de emprego das persoas con discapacidade”, o fomento do emprego das persoas con discapacidade mediante o establecemento de axudas que faciliten a súa inclusión laboral.

Atendendo a este deber legal xunto co compromiso de lograr unha sociedade á que todos contribuímos, a Consellería de Emprego e Igualdade, publica cada ano unha orde de axudas para centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade a través de tres programas: programa I de axudas ás unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego; programa II de axudas á creación de postos de traballo estables para persoas con discapacidade, adaptación de postos e asistencia técnica nos centros especiais de emprego e programa III de axudas ao mantemento do custo salarial das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

A canto ascendeu o investimento de 2021 para o apoio á inclusión laboral das persoas con discapacidade a través dos Centros Especiais de Emprego e que previsión orzamentaria manexa a Consellería de Emprego e Igualdade para o ano 2022?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/12/2021 13:28:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/12/2021 13:28:41

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/12/2021 13:28:58

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/12/2021 13:29:16

José Alberto Pazos Couñago na data 22/12/2021 13:29:28

Noelia Pérez López na data 22/12/2021 13:29:43

María Corina Porro Martínez na data 22/12/2021 13:29:57

López Sánchez, Rosalía na data 22/12/2021 13:30:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As empresas de inserción laboral, empregan unha fórmula que combina a viabilidade económica empresarial con metodoloxías que fan posible a inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social. Polo tanto, estas iniciativas empresariais dan resposta a unha necesidade social esencial como é a inclusión sociolaboral da poboación galega ao tempo que executan unha obriga de servizo público na Comunidade Autónoma de Galicia.

Sabedora da importancia destas iniciativas de economía social, a Xunta de Galicia mantén liñas de colaboración con estas empresas que, por unha banda fan posible o mantemento do seu funcionamento e por outra, favorecen a integración sociolaboral dun colectivo tan vulnerable como son as persoas en situación ou risco de exclusión social.

Neste sentido, destacan as axudas destinadas a apoiar a contratación de persoas desempregadas en situación ou en risco de exclusión social por parte das empresas de inserción laboral de Galicia. Trátase, en concreto, dun programa destinado a financiar o custe salarial das persoas contratadas por estas empresas e a beneficiar a todas as empresas de inserción laboral rexistradas en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que orzamento destinará a Consellería de Emprego e Igualdade no 2022 a apoiar a actividade das empresas de inserción laboral e que outras accións ten previsto levar a cabo para promover o emprego de persoas en situación ou risco de exclusión social?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 22/12/2021 13:33:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/12/2021 13:33:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



María Encarnación Amigo Díaz na data 22/12/2021 13:34:03

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/12/2021 13:34:25

José Alberto Pazos Couñago na data 22/12/2021 13:34:40

Noelia Pérez López na data 22/12/2021 13:34:55

María Corina Porro Martínez na data 22/12/2021 13:35:10

López Sánchez, Rosalía na data 22/12/2021 13:35:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Consello de Contas vén de facer público con data de 14 de outubro do 2021 o Informe de Fiscalización sobre os criterios de reparto dos recursos entre concellos a través dos plans provinciais e a eficiencia de gasto da Deputación de Ourense, nas lexislaturas 2003-2019; un informe absolutamente demoledor que amosa que o nepotismo, o clientelismo e a dedocracia son os sinais de identidade da Deputación de Ourense desde fai máis de 30 anos.

Un Informe que da continuidade a outros xa emitidos polo Consello de Contas, nomeadamente o Informe sobre a fiscalización selectiva da Deputación de Ourense correspondente o ano 2018, e que xa foron obxecto de iniciativa e debate no Parlamento de Galicia.

Dende o PSdeG de Ourense levamos anos denunciando -practicamente en solitario- que a Deputación de Ourense non é máis que un **instrumento** ao servizo dos intereses do Partido Popular, utilizada como unha auténtica empresa de colocación en favor dos e das militantes e afíns a ese partido político, un entramado político-económico do que se benefician cuantos rodean o seu presidente e que está moi lonxe de ser unha Administración democrática ao servizo dos intereses do conxunto.

Do recente Informe do Consello de Contas asinado en data 14 de outubro de 2021 se extraen , entre outras, as seguintes conclusións:

1. A Deputación Provincial de Ourense carece dunha regulación específica para os Plans Provinciais de cooperación de obras e servizos de competencia municipal e doutros plans ou instrumentos específicos de asistencia e cooperación para a realización de inversións, actividades e servizos municipais.
2. Os criterios de reparto dos POS da Deputación de Ourense, non incorporan, entre os criterios de reparto, un análise do coste efectivos dos servizos municipais, de carácter obrigatorio dende 2014, tal como establece a LBRL.



3. No que atinxe o grao de eficiencia, eficacia e economía de xestión dos POS, a distribución das axudas non consegue corrixir os desequilibrios territoriais nin beneficia os concellos con menor capacidade económica. De acordo co informe , non existe correlación entre a capacidade económica dos concellos e o importe de renda por habitante obtida do POS.
4. En canto a planificación, considérase que son factores que afectan a eficiencia e eficacia do gasto:
 - A dispersión das distintas axudas, xa que non hai aprobado un plan que as integre a todas.
 - A utilización recorrente de subvención nominativas, concedidas a dedo por decisión da Presidencia. O importe directamente subvencionado supón xa un 76 % do importe total dedicado ao POS de 2016.
 - A ausencia de acreditación da sustentabilidade dos proxectos financiados.
 - A incoherencia entre as necesidades de dotacións e as axudas solicitadas polos concellos.
 - A falla de coordinación entre os fondos destinados ao POS e o resto de investimentos público do territorio galego, tal como esixe a Lei de Administración local de Galicia.
5. A competencia para contratar as obras é da Deputación, aínda que pode ser obxecto de delegación nos concellos a petición dos mesmos. Iso si, sempre que os concellos aporten unha contía equivalente ao 100 % do POS, o cal supón na practica unha limitación á contratación de obras polos concellos, incumprindo o previsto no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Igualmente o Informe recolle unha análise comparativo das aportacións das deputacións galegas o POS no período 2003-2018, resultando que a Deputación de Ourense unicamente aporta o 6 % dos seus fondos fronte o 57 % da Deputación da Coruña ou 29 % na Deputación de Pontevedra.

En relación a achega POS/ habitante, a Deputación de Ourense dedica 14,36 euros, namentres na Coruña son 67,90 euros, 44,60 en Pontevedra e 63,40 euros en Lugo.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a Deputación de Ourense, a tenor dos informes emitidos polo Consello de Contas ao longo do ano 2021, debería establecer un Plan Único de Cooperación cos concellos para o reparto dos fondos públicos de acordo con criterios de equidade, obxectividade e xustiza ao igual que ocorre no resto das deputacións do país?

Pazo do Parlamento, 22 de decembro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 22/12/2021 15:42:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/12/2021 15:42:34

Marina Ortega Otero na data 22/12/2021 15:42:46

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/12/2021 15:42:56



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 contempla un investimento en Política Social de máis de 927 millóns de euros, os orzamentos máis altos en materia social da historia de Galicia. Este incremento orzamentario permitirá dar máis certezas ás familias galegas no momento que máis as necesitan.

Neste sentido, Galicia se converteu nunha referencia a nivel nacional na atención á infancia con medidas como a gratuidade para segundos fillos e sucesivos, aplicada desde abril do ano 2020, ou as incluídas na Lei de impulso demográfica, aprobada o pasado mes de febreiro.

A aposta da Xunta en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica elevará o investimento para o ano 2022 neste eido a máis de 168 millóns de euros. Este incremento orzamentario permitirá blindar medidas como a Tarxeta Benvida, á que se destinarán 30,5 millóns de euros máis, que se suman aos 100 millóns de euros investidos nesta prestación desde a súa posta en marcha en 2016, o que se incrementarán de ser necesario.

Mantense en 1,8 millóns de euros o investimento no Bono Concilia, que a finais deste curso deixará paso á gratuidade total nas escolas infantís; resérvanse 600.000 euros para o Bono Coidado e elévase un 10%, ata os 2,4 millóns de euros, o orzamento destinado ás casas niño para superar os 100 centros en funcionamento.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia das medidas destinadas á atención da infancia e ás familias galegas?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021.



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/12/2021 17:32:01

María Corina Porro Martínez na data 22/12/2021 17:32:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/12/2021 17:32:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/12/2021 17:32:52

Noelia Pérez López na data 22/12/2021 17:33:06

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/12/2021 17:34:16

López Sánchez, Rosalía na data 22/12/2021 17:34:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Miguel Tellado Filgueira, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Ana Belén García Vidal deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O pasado 23 de novembro a Conselleira de Política Social asinou co alcalde do Concello de Ribeira un convenio para a cesión da parcela municipal na que a Xunta de Galicia construíra a primeira residencia pública de maiores na que se aplicarán as innovacións do novo modelo de coidados sociosanitarios.

O Goberno galego investirá 10 millóns de euros nesta nova residencia, que contará con 100 prazas distribuídas en módulos de convivencia de 25 residentes, con habitacións individuais e baños adaptados.

O inmoble estará dotado de máis tecnoloxía para mellorar o benestar dos usuarios e reforzar o papel dos profesionais. Ademais o edificio no que está ubicado a parcela ten unha situación privilexiada, coas mellores comunicacións e a carón do mar para que poidan pasear os residentes xa que contará con zona axardinada exterior. Este novo centro será o quilómetro cero do novo modelo sociosanitario do futuro.

Unha transformación nos coidados sociosanitarios baseado en tres piares fundamentais:

- Unha maior colaboración dos ámbitos social e sanitario.
- A integración da tecnoloxía nas residencias de maiores.
- A introdución de melloras estruturais e arquitectónicas para que os centros sexan verdadeiros fogares.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

Cal é a previsión da Xunta de Galicia para a posta en marcha da primeira residencia pública de maiores na que se aplicarán as innovacións do novo modelo residencial?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/12/2021 17:42:14

María Corina Porro Martínez na data 22/12/2021 17:42:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/12/2021 17:42:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/12/2021 17:43:01

Noelia Pérez López na data 22/12/2021 17:43:14

López Sánchez, Rosalía na data 22/12/2021 17:43:26

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/12/2021 17:43:39

Ana Belén García Vidal na data 22/12/2021 17:43:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No ano 2016 no portal Econoticias publicábase un dato relevante en relación ao río Barbaña e o situaba no cumio dos ríos máis contaminados de toda España.

Dende as propias institucións coma o Concello de Ourense, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Xunta de Galicia ou o Goberno de España e dende colectivos coma a Sociedade Galega de Historia Natural, a Plataforma Ríos Limpos, Amigos da Terra, Amigas das Árbores ou Ecoloxistas en Acción, recoñecen publicamente a dificultade nas actuacións de conservación, mantemento e posta en valor dunha vez por todas do Barbaña, canalizado no tramo de Ourense cidade, cos problemas que isto supón tamén para a súa depuración.

Precisamente neste último mes, con respecto a este tipo de actuacións necesarias tivemos unha de cal e unha de area, a luz verde ao proxecto de saneamento do río Barbaña por parte do Goberno central e a tala indiscriminada de árbores e plantas por parte do Concello de Ourense na canle do río.

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que o goberno central inclúa o galego na Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección e promoción da lingua galega ten que ser unha das principais encomendas do goberno galego. Por esta razón faise moi necesario que a nosa lingua estea na totalidade das plataformas audiovisuais que a inmensa maioría da nosa sociedade emprega.

Pola contra, esta necesidade de normalización da nosa lingua en espazos coma Netflix, HBO ou Amazon Prime vese ameazada a día de hoxe co novo proxecto da Lei Xeral de comunicación Audiovisual. Esta nova lei recolle que un 30% das obras do catálogo das plataformas de contidos deber esta dedicado a obras europeas e que dentro dese 30%, polo menos un 50% destas “será reservado para producións en castelán ou algunha das outras linguas do Estado.”

Esta vaguidade nas cifras mostra que non hai ningunha garantía para que a lingua galega estea incluída no proxecto de lei. Ademais disto, esta redacción desoe todas as peticións e reclamacións das diferentes institucións e entidades do Estado español que recomendaban que un 50% da cota dos traballos fose para aqueles feitos en galego, euskara e catalán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dun xeito semellante, o problema espállase tamén ao debate do financiamento. No proxecto de lei citado indícase que os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual televisivo cun ingresos superiores a 50 millóns de euros deberán financiar obras europeas cun 5% dese diñeiro. Pola contra, un mínimo dun 70% deberá ir dirixida a obras de produtores independentes na lingua oficial do Estado ou nalgunha das linguas oficiais das comunidades autónomas.

Desta maneira volvemos ver a pouca concreción e as vaguidades que se inclúen no relativo ao financiamento dos traballos en galego. Alén disto, o goberno estatal volveu facer caso omiso das reclamacións do sector audiovisual galego, vasco e catalán que reclamaban que esa porcentaxe do 5% pasase ao 10%.

Finalmente, este proxecto de lei pode ir en contra do acordo acadado unánimemente no Parlamento galego no que os tres grupos votaban cun si a Iniciativa Xabarín, unha iniciativa que tiña como principal obxectivo precisamente o de asegurar e garantir a presenza do galego nas plataformas audiovisuais.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza pular polo aumento da cota e do financiamento dedicado a obras en galego?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Manuel Lourenzo Sobral
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/12/2021 12:41:19

Mercedes Queixas Zas na data 23/12/2021 12:41:23

Daniel Castro García na data 23/12/2021 12:41:33



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O medio rural de Galicia representa case o 97% do territorio galego, por iso consideramos esencial que o rural poda continuar facendo fronte non só aos retos de sempre e aos actuais, senón tamén aos retos do futuro.

Dende o Grupo Parlamentario Popular entendemos que esta aposta ten que ir ligada a unha mellora progresiva das infraestruturas dixitais que implican unha maior cobertura e unha mellor fibra óptica, perseguindo sempre os obxectivos de formación, innovación e cultura empresarial.

É fundamental e prioritario a aposta pola dixitalización no rural e pola mellora progresiva das infraestruturas dixitais no noso agro. Este é un reto que vai da man de outros desafíos e en aplicación da recentemente aprobada Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

O 24 de novembro desenvolveuse na Cidade da Cultura unha xornada de lanzamento da consulta preliminar ao mercado do proxecto “aldeas intelixentes, solucións de futuro para aldeas sostibles”, unha iniciativa de compra pública de innovación da Consellería do Medio Rural.

Este proxecto ten como obxectivo conseguir un territorio rural galego intelixente a través da creación dunha rede de aldeas modelo que potencien os grandes valores das áreas rurais e proporcionen aos actores locais as ferramentas para aproveitar o seu potencial e así contribuír aos grandes retos como a seguridade alimentaria ou o asentamento da poboación no rural, entre outros aspectos.

Creemos esencial cumprir con dous obxectivos, o fomento ao máximo da participación e a colaboración para a mellora das infraestruturas dixitais que tanto precisa o rural e a proposta de solucións para facer fronte ás necesidades mais presentes no agro e adiantarnos ás futuras.

O Partido Popular avoga pola transformación sustentábel, intelixente e tecnolóxica dos núcleos do rural para que sigan sendo as nosas aldeas de sempre.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



En que consiste o proxecto de aldeas intelixentes?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 23/12/2021 12:40:17

Daniel Vega Pérez na data 23/12/2021 12:40:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/12/2021 12:40:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Raquel Arias Rodríguez na data 23/12/2021 12:41:12

José Antonio Armada Pérez na data 23/12/2021 12:41:28

Cachafeiro Anta, Belén na data 23/12/2021 12:41:44

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 23/12/2021 12:41:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Dende hai uns anos os cítricos galegos son vítimas de *Trioza erytrae* do Guercio, orixinario de África e amplamente distribuído nese continente.

Foi detectado en Europa inicialmente nos territorios insulares das Azores, Madeira e Canarias. En febreiro do ano 2015 declarouse a existencia da praga denominada *Trioza erytrae* do Guercio, psílido africano dos cítricos, na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto e cunha maior incidencia nos concellos das comarcas do Barbanza e do Salnés.

O parasitoide *Tamarixia dryi* emprégase como organismo de control biolóxico do parasito *Trioza erytrae* (psila africana). Este parasito actúa como vector da bacteria *Candidatus liberibacter* que provoca unha enfermidade denominada “greening de los cítricos” ou “huanglongbing” (HLB), que afecta ao sistema vascular da planta e causa a súa morte.

Esta praga é a mais importante das especies e variedades de cítricos. A *Trioza erytrae* é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (European Plant Protection Organization), e a enfermidade que a transmite, o chamado Huanglongbing (HLB), causada pola bacteria *Candidatus Liberibacter africanus*, está encadrada na lista A1 (EPPO, 2014), polo que ambos son parasitos de corentena e polo tanto sometidos a regulación.

Por este motivo é importante adoptar medidas para a súa erradicación e control. A pesares de que a enfermidade non se detectou en España, o psílido vector xa se dispersou nos últimos anos no norte de Portugal e na España noroccidental e cantábrica, ademais das illas de Canarias e Madeira.

Nas illas esta praga xa se atopa en regresión como consecuencia das soltas experimentais de *Tamarixia* realizadas polo ICIA.

Durante estes anos conséntase certa expansión da praga polas zonas costeiras da Coruña e no interior das provincias da Coruña e Pontevedra e o norte de Lugo.

Nas zonas costeiras a presión da praga é mais alta e a medida que nos desprazamos cara ao interior a presión da praga diminúe progresivamente.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que medidas adoptou a Consellería do Medio Rural ante a existencia da praga Trioza erytreae do Guercio que afecta aos cítricos?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Candia López na data 23/12/2021 12:44:19

Daniel Vega Pérez na data 23/12/2021 12:44:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/12/2021 12:44:51

Raquel Arias Rodríguez na data 23/12/2021 12:45:04

José Antonio Armada Pérez na data 23/12/2021 12:45:21

Cachafeiro Anta, Belén na data 23/12/2021 12:45:37

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 23/12/2021 12:45:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

As explotacións de orientación produtiva cárnica de bovino teñen unha importancia fundamental e un papel clave no equilibrio territorial da nosa Comunidade. A súa importancia faise tanxible, ademais, desde o punto de vista do desenvolvemento dun produto de calidade no recoñecemento de indicación xeográfica protexida Ternera Galega, así como tamén de Vaca e/ou Boi Galego, que aglutinan máis de 9.000 produtores e 143 industrias, achegando un valor económico próximo aos 127 millóns de euros.

De feito, Ternera Galega é a I.X.P. que máis cantidade de quilos e máis facturación posúe, desde logo, no ámbito nacional.

Ao respecto da potencialidade coa que conta o sector da carne galego, xa temos visto o compromiso da Xunta reflectido no proceso de elaboración dunha Estratexia de dinamización do sector cárnico a medio e longo prazo, como xa se fixo co lácteo e o vitivinícola, en estreito contacto cos axentes destes ámbitos produtivos, que esperamos sexa presentada en canto sexa posible.

Así mesmo, da xestión que se fai respecto a este sector específico, desde o Grupo Parlamentario dos Populares desaprobamos as desafortunadas declaracións que fixo o ministro de Consumo, Alberto Garzón, o pasado mes de xullo, animando á cidadanía a consumir menos carne.

Unhas declaracións que poñen en risco o traballo de todas aquelas persoas que forman parte dalgún dos elos da cadea produtiva do sector cárnico e que, por descontado, difiren da opinión de membros do propio Goberno central, como é o caso do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), Luis Planas.

A colaboración das administracións públicas para a promoción do sector cárnico, así como para o conxunto do sector agrario dado o seu peso na nosa economía, é un feito transcendental do que partir.

Neste sentido os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Que medidas se adoptaron pola Consellería do Medio rural no ámbito do sector cárnico?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 23/12/2021 12:48:22

Daniel Vega Pérez na data 23/12/2021 12:48:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Rubén Lorenzo Gómez na data 23/12/2021 12:48:56

Raquel Arias Rodríguez na data 23/12/2021 12:49:08

José Antonio Armada Pérez na data 23/12/2021 12:49:23

Cachafeiro Anta, Belén na data 23/12/2021 12:49:41

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 23/12/2021 12:49:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de dispoñer da versión en galego nas redes sociais e aplicacións de intelixencia artificial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xeito de comunicarnos e relacionarnos co mundo e coas persoas cambiou moito nas últimas décadas e anos. Un dos principais motivos deste troco está relacionado coa aparición das redes sociais e da Intelixencia Artificial.

Estas plataformas mudaron de xeito radical a maneira de falar coas persoas, de coñecer xente, de traballar ou de empregar os instrumentos que nos rodean entre outros moitos aspectos. Neste sentido, todas as persoas viron as súas vidas afectadas por esta revolución dixital, mais se houbo alguén que o notou directamente foi a mocidade.

A mocidade está case dun xeito constante nas redes sociais e polo tanto unha grande parte da súa comunicación se leva a cabo nas mesmas. Deste xeito, resulta evidente que a presenza da lingua galega en todas estas plataformas se volve vital para a súa normalización.

As razóns que explican esta afirmación son moi sinxelas. A primeira é por unha sinxela cuestión de dereitos lingüísticos. Os e as galegas e calquera outro habitante do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mundo ten dereito a poder ter as súas redes sociais ou a comunicarse cos instrumentos que a rodean en galego, na súa lingua.

A segunda está relacionada coa plena normalización da nosa lingua. Unha lingua non pode estar normalizada se non ten presenza nos espazos no que os seus falantes están ou participan dun xeito constante.

Por último, temos a razón do prestixio. Sermos capaces de permitir que o Facebook, o Instagram, o Twitter, o Tiktok, Siri, Whatsapp, Twitch ou moitas outras aplicacións estean en galego fornecerían á nosa lingua dun maior prestixio que facilitaría que moitas persoas desen o paso a falar galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está disposta a Xunta de Galiza a realizar os esforzos necesarios para que poidamos empregar todas as redes sociais e plataformas de Intelixencia Artificial en galego canto antes?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/12/2021 12:53:08

Mercedes Queixas Zas na data 23/12/2021 12:53:12

Daniel Castro García na data 23/12/2021 12:53:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta leve a cabo un proxecto ambicioso de potenciación, promoción e internacionalización do sector do videoxogo galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a sociedade galega foi vendo como a industria dos videoxogos foi crecendo e crecendo até converterse nun sector industrial moi potente que é capaz de mover máis diñeiro que o sector do audiovisual e o da música xuntos.

Neste senso, é moi necesario ter en conta que as colaboracións das diferentes administracións públicas foi escasa ou nula, provocando que o propio sector tivese que saír adiante sen ningún apoio que facilitase o seu crecemento e expansión internacional. Deste xeito, podemos dicir que está todo o traballo por facer, polo que as administracións deben pasar a ter unha política e unha posición activa na colaboración coas empresas, asociacións e universidades nas que estea representado o sector dos videoxogos.

Alén da necesidade de impulsar este sector económico tan potente, faise moi importante incidir no feito de que os videoxogos e todo o mundo que os rodea son unha corrente cultural e como tal, así deben ser tratados. Do mesmo xeito, estas plataformas deben ser vistas como un dos medios máis importantes para promover a normalización





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lingüística entre os e as mozas galegas, ao ser elas as maiores consumidoras deste tipo de produtos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten a Xunta de Galiza un proxecto estrutural e de futuro para que o noso sector do videoxogo siga crescendo e creando novos postos de traballo?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/12/2021 12:57:15

Mercedes Queixas Zas na data 23/12/2021 12:57:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 23/12/2021 12:57:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a requisa de bandeiras galegas no estadio de Pasarón (Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo destes últimos anos son múltiples os casos da retirada de bandeiras galegas como a “estreleira” ou a bandeira co escudo deseñado por Daniel Castelao nos estadios de fútbol do noso país, mais na maioría dos casos concéntranse todos na cidade de Pontevedra, máis concretamente no estadio de Pasarón.

Deste xeito, volvemos ver un episodio semellante que ocorreu recentemente, cando de novo a seguridade privada contratada polo Pontevedra Club de Fútbol SAD requisou a varios seareiros as bandeiras que portaban por ser consideradas bandeiras “non constitucionais” ou que “incitan á violencia”.

Para o BNG, estamos novamente diante dunha actitude represora que na práctica supón un atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun Estado que se di democrático. E o que é mais grave, estamos diante dun burdo intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do pluralismo político, ao establecerse unha relación perversa entre a exhibición destes símbolos e a incitación á violencia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Invócase para a requisa e prohibición destes símbolos a Lei 19/2007 de 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte. Concretamente, faise referencia ao artigo 2, que tipifica como actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte, entre outras, as seguintes: “A exhibición nos recintos deportivos, nos seus aledaños ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen, dalgunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo”. Asemade, o artigo 6 prohibe exhibir bandeiras e outras enseñas “que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixión ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual”.

Con respecto a esta cuestión, cabe sinalar que existen sentenzas xudiciais que conclúen que prohibir bandeiras “esteladas” nos estadios conculca a liberdade de expresión, polo que as autoridades deben evitar a inclusión da exhibición deste tipo de símbolos entre os actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte.

Pese a todo isto, no caso do Pontevedra CF séguese a levar a cabo esta práctica, que baixo criterios totalmente arbitrarios e sen ningún tipo de motivación atacan directamente á liberdade de expresión e criminalizan as ideas, absolutamente democráticas, coas que se relacionan estes símbolos.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Comparte o goberno galego o criterio que segue a manter o Pontevedra CF a respecto da requisa de bandeiras estreleiras, bandeiras republicanas, bandeiras co escudo de Castelao?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/12/2021 13:00:57

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/12/2021 13:01:01

Daniel Castro García na data 23/12/2021 13:01:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a intervención polo goberno do Uruguai do hospital da Casa de Galicia en Montevideo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa de Galicia de Montevideo (Uruguai), fundada no ano 1917 é unha institución de grande relevancia tanto para os e as galegas do Uruguai, como para os propios uruguaios. A súa creación a comezos do século XX tiña como principal obxectivo a “instrución, recreo, beneficencia e asistencia médica” para todos os galegos e galegas que vivían no país latinoamericano.

A día de hoxe esta institución tan importante para a comunidade galega da emigración está a pasar por unha situación moi preocupante que xa se leva alongando moito no tempo e que xa no ano 2002 levou a que o goberno uruguaiño tivese que asumir a xestión da sociedade.

Unha das causas que explica o delicado da súa situación é a importante baixada no número de afiliados e afiliadas, que pasou en 15 anos de máis de 60 mil a uns 40 mil, algo que agravou a cantidade de débedas que a Casa de Galicia tiña.

Sendo conscientes de todo isto, faise difícil entender a actitude da Xunta de Galiza, ao non alertar con tempo sobre a situación deste ben tan importante e ao non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

facer un seguimento exhaustivo que facilitase unha actuación cunha maior antelación, evitando así que se chegase a unha situación límite como a que se está a vivir a día de hoxe.

Pese a isto, é de vital importancia salvagardar a obra fundada por galegos e galegas, mais tamén que a mesma siga dando un servizo tan importante como é o médico e sanitario.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións ten previsto facer a Xunta de Galiza para salvagardar a supervivencia da Casa de Galicia de Montevideo?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 23/12/2021 13:04:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/12/2021 13:04:39

Daniel Castro García na data 23/12/2021 13:04:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre a ausencia do médico no Centro de Saúde de Muras e a non comunicación ao Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo que fan os Centros de Saúde no rural faise vital para achegar a saúde pública ás persoas que non teñen grandes hospitais e centros sanitarios preto das súas vivendas. Ademais, isto é algo moi necesario para poder conseguir un maior equilibrio no territorio, é dicir, para que non haxa grandes diferenzas entre as persoas que viven no rural e as que viven na cidade. Desgraciadamente, estas diferenzas seguen moi vixentes e van cada vez a máis coa centralización que o goberno da Xunta leva facendo nos últimos anos no que atinxe aos servizos sanitarios.

Estas prácticas chocan directamente coas políticas demográficas que tanto di defender, xa que se non se ofrecen os mesmos servizos e prestacións no rural ca na cidade será imposible que a xente se asente no rural. Por estas razóns non entendemos como a Xunta de Galiza pode denominar ás súas lexislaturas como “lexislaturas do rural” cando o rural está sendo atacado constantemente polo goberno galego.

E deste xeito tivemos o último episodio o pasado día 9 de decembro no concello de Muras, cando por segunda vez no ano 2021 o Centro de Saúde ficaba sen médico algún.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta realidade, que de por si é moi grave, aínda o é máis cando en ningún dos dous casos se fixo comunicación algunha ao Concello, sendo informado este soamente polos veciños e veciñas. Este feito, comporta que ademais de grandes atrasos, no mellor dos casos, ou de doentes que non son atendidos na peor das situacións, a xente teña que desprazarse até outros centros sanitarios como o de Vilalba, algo que para moitas persoas de avanzada idade é moi difícil e trabaloso.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón que explique que o Centro de Saúde de Muras ficase sen médico en varias ocasións e sen previo aviso no ano 2021?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/12/2021 13:11:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/12/2021 13:11:06

Daniel Castro García na data 23/12/2021 13:11:14



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en pleno.

Un estudio da OCDE, Galicia é considerada entre as mellores comunidades para vivir tanto pola súa calidade de vida como pola súa multitude de servizos, sen esquecer a súa inigualable beleza e os seu patrimonio histórico e cultural.

Está claro que Galicia conta con numerosas riquezas naturais, paisaxísticas, patrimoniais e turísticas, que espertan o interese por vivir nesta terra. Ademais, estes recursos están complementados pola existencia duns servizos públicos óptimos e que dan resposta ás necesidades dos cidadáns e do territorio..

A comunidade autónoma de Galicia é a quinta rexión de España en canto a poboación con 2,7M persoas, pero tamén debemos ter en consideración a gran dispersión xeográfica xunto coa orografía fai que os costes dos servizos públicos sexan máis custosos que noutros lugares do territorio español.

O Goberno galego fai un gran investimento no rural, non só en recursos humanos como os sanitarios, educativos e sociais, senón tamén en transporte e comedor para alcanzar a poboación galega viva onde viva por non falar da gran aposta feita pola Xunta de Galicia en novas tecnoloxías e en infraestruturas dixitais.



Por todo o anteriormente exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que valoración realiza a Xunta sobre os programas educativos que están implantados nos colexios das zonas rural e urbana?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/12/2021 13:30:45

Teresa Egerique Mosquera na data 23/12/2021 13:31:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 23/12/2021 13:31:16

Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/12/2021 13:31:39

Gómez Salgado, Carlos na data 23/12/2021 13:31:47

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/12/2021 13:31:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Luis Ferro Iglesias na data 23/12/2021 13:32:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-AoAsqJKM-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Pleno.

O transporte escolar é un servizo educativo complementario gratuíto para todo o alumnado con dereito a el segundo os requisitos establecidos na normativa vixente.

Galicia continúa sendo a Comunidade Autónoma coa maior rede de transporte escolar, neste curso 2021-22 prestase servizo de transporte escolar a máis de 85.500 alumnos e de 773 centros públicos.

A día de hoxe, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade xestiona o 47% das rutas de transporte escolar de Galicia, mentres que o resto das rutas pasaron a ser xestionadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade trala entrada en funcionamento do Plan de Transporte Público de Galicia, que supuxo a implantación da nova modalidade de transporte público, coñecida como o autobús compartido.

Nos últimos tempos o transporte escolar viviu un proceso de adaptación e mellora de rutas , con aplicación do criterio de primar a redución dos tempos de espera do alumnado nas paradas ou traxectos desde as diferentes paradas e os centros educativos

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade sobre o sistema de transporte escolar en Galicia?



Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/12/2021 13:40:07

Teresa Egerique Mosquera na data 23/12/2021 13:40:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 23/12/2021 13:40:34

Gómez Salgado, Carlos na data 23/12/2021 13:40:48

Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/12/2021 13:40:55

José Luis Ferro Iglesias na data 23/12/2021 13:41:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/12/2021 13:41:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Comisión pleno.

O curso escolar 2020-21 foi o primeiro que iniciou e desenvolveu integramente en tempos de pandemia internacional ocasionada pola covid-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) o 11 de marzo de 2020.

A situación sanitaria e as incertezas derivadas da evolución do virus e pola súa repercusión na actividade lectiva obrigaron ás distintas administracións educativas e sanitarias a tomar decisións e adoptar medidas.

Logo de que a covid-19 obrigase a suspensión das clases presenciais en marzo de 2019 e alterase a actividade lectiva prevista inicialmente no curso 2019-20, o curso 2020-21 foi un importante reto colectivo para administracións e comunidades educativas.

O Grupo Parlamentario Popular entende que o esforzo de toda a comunidade educativa, o cumprimento dos protocolos e as medidas da Xunta para garantir a seguridade sanitaria nas aulas e a total presencialidade permitiron sacar adiante e con resultado satisfactorio o curso 2020-21.

O feito no curso pasado serviu de aprendizaxe para afrontar o arranque do curso escolar 2021-22 e sacar adiante o primeiro trimestre.

Os protocolos educativos e a autorización das vacinas primeiro para os maiores de 12 anos e, desde o 15 de decembro de 2021, para os menores desta idade constitúen ferramentas fundamentais na loita contra os efectos da pandemia no sistema educativo galego.



Ante a relevancia deste asunto e o lóxico interese do alumnado e das familias, a Administración educativa galega está a desenvolver as súas competencias e a adoptar medidas para tratar de garantir un inicio de curso presencial e que faga compatible a actividade lectiva nos centros educativos e a convivencia co virus da covid-19.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Cultura, Educación e Universidade do desenvolvemento do curso 2021-22 no ensino non universitario de Galicia en tempos de pandemia por covid?

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 23/12/2021 13:54:47

Teresa Egerique Mosquera na data 23/12/2021 13:55:02

María Elena Suárez Sarmiento na data 23/12/2021 13:55:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 23/12/2021 13:55:33

Gómez Salgado, Carlos na data 23/12/2021 13:55:44

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/12/2021 13:55:52

José Luis Ferro Iglesias na data 23/12/2021 13:56:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración e actualización das Directrices enerxéticas de Galiza 2018-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta de Galiza do 8 de marzo de 2018 aprobou as denominadas Directrices enerxéticas de Galiza 2018-2020 sen facelas públicas. Máis dun mes despois, o 24 de abril dese mesmo ano e sen remitir copia previamente ao Parlamento Galego, as súas liñas xerais foron expostas polo Conselleiro Conde nun Pleno sen acordar ningunha cuestión concreta cos grupos parlamentarios.

Resumidamente, nesas Directrices estableceíanse obxectivos modestos aos que xa obrigaba a chegar o marco das Directivas Europeas e para os que Galiza xa tiña unha boa posición polo seu potencial renovábel (xa estaba, por exemplo, no 38% de final renovábel). Porén, non achegaba ningunha planificación estratéxica e ningunha aposta de reinvestimento público que compensase a parálise dos anos anteriores. Un claro exemplo era a situación das térmicas coa perspectiva da descarbonización, ausente na exposición e na planificación. Outro, a ausencia de medidas para un cambio de paradigma no que o autoconsumo e as comunidades enerxéticas tivesen un papel no camiño a un modelo enerxético máis descentralizado, xusto e sostíbel.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente a esta aprobación, que obedeceu máis a unha cuestión estética que programática, acelerouse o contexto de cambios e transformacións enerxéticas e aprobáronse normativas e plans europeos ou estatais, como o PNIEC, diante dos que o noso país non tivo un papel suficientemente proactivo. Así mesmo, o Partido Popular rexeitou constantemente propostas como Mesas para a transición enerxética e a descarbonización ou o deseño dunha folla de ruta actualizada.

Así as cousas, rematado o período da Estratexia e sen coñecerse ningunha avaliación, constatamos na memoria do Proxecto de Orzamentos da Xunta para o ano 2022 que presuntamente a administración galega traballa súa “continuidade coa Axenda Galega de transición enerxética 2021-2030, actualmente en fase de elaboración”.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o horizonte, orzamento e mecanismo de elaboración da presunta Axenda Galega de transición enerxética 2021-2030, actualmente en fase de elaboración?

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 22/12/2021 12:40:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 22/12/2021 12:40:47

María do Carme González Iglesias na data 22/12/2021 12:40:58

Noa Presas Bergantiños na data 22/12/2021 12:41:06



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

